



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de ABRIL de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e seis de abril de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(294).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 19 de abril de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(295).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO XESTOR DOCUMENTAL ALFRESCO (2020-2025). EXPTE.10340/113.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 16/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/04/2024, asinado pola

adxunta ao xefe de Administración Electrónica e o xefe de Administración Electrónica, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de actualización, soporte e mantemento do xestor documental ALFRESCO 2020-2025 (expte. 9075-113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de xuño de 2020, á empresa QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. por un prezo de 54.917,23 euros IVE incluído.

O contrato formalizouse en data 07/07/2020, entrou en vigor o 08/07/2020 e rematou o 07/07/2022.

Con data de entrada 30 de setembro de 2021 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 210198197) a empresa *QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.* comunica que con data 24 de setembro de 2021 quedan inscritas no Rexistro Mercantil as escrituras de fusión entre *IZERTIS, S.A.* con CIF A33845009 (empresa absorbente) e a entidade *QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.* con CIF B70007869 (empresa absorbida). Achega escritura de fusión por absorción outorgada ante o notario de Gijón, don Carlos León Matorras o 28 de xullo de 2021 co número 1059 do seu protocolo.

A Xunta de Goberno Local, na sesión de 16 de decembro de 2021, acordou dar conta da fusión e da subrogación en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/05/2022, autorízase a primeira prórroga do contrato a favor da empresa *IZERTIS, S.A.* polo período dun ano, do 08/07/2022 ao 07/07/2023, por importe de 27.458,61 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 4.765,54 euros).

Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/04/2023 autorízase a segunda prórroga do contrato a favor da empresa *IZERTIS, S.A.* polo período dun ano, do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

08/07/2023 ao 07/07/2024, por importe de 27.458,61 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 4.765,54 euros).

Consta no expediente resolución da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 1 de abril, dispoñendo se proceda a instruír a terceira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.

No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.

2. Neste contrato resulta que:

- Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses"*.
- No apartado 4.C das FEC indícase: *"Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: 3, dun ano de duración cada unha"*.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2020 a 2023.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *"o pagamento farase efectivo con periodicidade anual tras a activación das licenzas contratadas"*.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 27.458,61 €, dos cales 4.765,54 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	Mantemento software	9207.2279902	27.458,61 €

5. A empresa *IZERTIS, S.A.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de actualización, soporte e mantemento do xestor documental ALFRESCO do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 41296/2024 recibida pola empresa con data 01/04/2024 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 1 de abril de 2024, autorizando o inicio de este expediente da terceira prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a TERCEIRA PRÓRROGA DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DO XESTOR DOCUMENTAL ALFRESCO 2020-2025 (EXPTE 9075-113) polo período dun ano, do 8 de xullo de 2024 ao 7 de xullo de 2025, polo importe total de 27.458,61 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **27.458,61 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902 Mantemento software	2024	4.765,54	22.693,07	27.458,61 €
Total exercicio 2024				27.458,61 €

- 3.-Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(296).- PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2024. EXPTE. 264047/301.

Visto o informe xurídico de data 10/04/2024 e o informe de fiscalización do 17/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/04/2024, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social e o xefe de área de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 21.03.2024 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social (Yolanda Aguiar Castro) á vista do informe da mesma data do Xefe de Área de Benestar social, **resolveu iniciar o expediente** do «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2024» para a súa presentación perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do citado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. Posteriormente, no DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se modificaron os módulos económicos de financiamento e unha actualización ao alza das contías dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento,

II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, régúlanse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais (“Plan concertado”).

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademais de desenvolver a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática aos entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo “Plan concertado” de servizos sociais.

II.3. As cantidades que perciban para o seu financiamento as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios diferencianse entre transferencias correntes e transferencias de capital. As de capital poderán ter como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións e as transferencias correntes enfócanse ó financiamento dos gastos de persoal, indemnizacións



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar e sostenemento doutros programas de actuación comunitaria.

A Concellería de Servizos Sociais iniciou no 2020 un Plan de investimentos para a mellora e ampliación da prestación dos servizos sociais, rematáronse xa os dous primeiros proxectos que foron a rehabilitación interior e ampliación do centro de servizos sociais da Praza da Princesa e a rehabilitación do edificio sito en rúa Alta n.º 23 do Casco Vello para uso de Centro de formación de Benestar Social. Neste ano 2024, continuamos co plan de investimentos con máis de 350.000€ que inclúe a reforma integral do tellado do Centro Integral de inclusión e emerxencia social (CIIES) cun orzamento previsto de 240,000,00€ e diversas obras de melloras nas UTS. O financiamento para estes investimentos debería axustarse ao Mapa galego de servizos sociais e ao Plan estratéxico de servizos sociais da Xunta de Galicia tal e como recolle o xa citado Decreto 99/2012. Pero dado que, tanto o Mapa galego de servizos sociais coma o Plan estratéxico de servizos sociais da Xunta de Galicia, a día de hoxe, seguen sen aprobarse e polo tanto, non se convocan subvencións en réxime de concurrencia competitiva, **estes investimentos serán asumidos e financiados integramente polo Concello de Vigo.**

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2024», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 264047/301 (2024).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a **continuidade na prestación destes servizos no Concello de Vigo.**

TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de **13.100.079,86 €** co seguinte detalle:

-Persoal: 1.034.659,00 €

-Mantemento: 3.463,38 €

-Axuda no fogar:

*Modalidade de prestación básica: 56.798,05 €

*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 7.665.014,02 €

- Xestión de programas: 4.340.145,41 €
- Investimentos: 0,00 €

CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2024, na contía de **10.557.799,53 €**, que supón unha porcentaxe do **44,63%** sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e prace das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social e Xuventude relacionadas co presente expediente correspóndelle á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo os Decretos de delegacións de competencias da Alcaldía-Presidencia nos/as concelleiros/as delegados/as (2023 – 2027) e, en especial, o Decreto do 30.06.2023, de delegacións de competencias na Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (BOPPO nº 136, do 14.07.2023) e nos demais preceptos de pertinente aplicación”.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(297).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLÓN VINCULADA Á ORGANIZACIÓN DA COPA DO MUNDO DE PARATRIATLÓN E A COPA DE EUROPA DE TRIATLÓN NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 23550/333.

Visto o informe xurídico de data 09/04/2024 e o informe de fiscalización do 17/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/03/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con data 29.02.24 a Federación Española de Triatlón solicitou, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 240072450) a solicitude de subvención pola organización na cidade de Vigo da Copa do Mundo de Paratriatlón e a Copa de Europa de Triatlón.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

d.- Da mesma forma, a proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo entre outras cuestións, en liña co establecido no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, colaborar co desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, colaborar no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc. O evento obxecto da presente proposta contribúe ó cumprimento dos ditos obxectivos o que fundamenta a proposta de subvención.

2.- FUNDAMENTOS

a.- CONSIDERACIÓNS XERAIS:

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

Estas competicións servirán, entre outras cuestións para:

- Estimular o turismo na cidade, incrementando a demanda de aloxamentos.

- Promocionar a cidade de Vigo como cidade do deporte, colocándoa como referencia da modalidade a nivel internacional.
- Posicionar a Vigo como polo internacional de modalidade.
- Proxectar a imaxe da cidade a nivel internacional.
- Atraer inversións á cidade do ámbito deportivo.
- Servir de referencia para os e as xóvenes deportistas da cidade.
- Potenciar a marca Vigo como cidade do deporte.

O obxectivo desta actuación de fomento, responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

1. Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
2. Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
3. O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
4. Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A vixencia do convenio é pola organización do evento deportivo “Copa do Mundo de Paratriatlón e Copa de Europa de Triatlón”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

b.- MOTIVACIÓN:

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós es á mellores triatletas e paratriatletas do mundo.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A Copa do Mundo de Paratriatlón e a Copa de Europa de Triatlón garanten unha cobertura internacional en RRSS en todos os canais de World Triatlón, que atrae a máis de 4,7 millóns de usuarios, máis de 6,5 millóns de sesións e 16 millóns de páxinas vistas anualmente. A estas cifras hai que engadir que World Triathlon opera unha plataforma, Triathlonlive.tv, para distribuír as carreiras en directo, ofrecer entrevistas, imáxenes e contido adicional. World Triathlon ten máis de 302.000 seguidores, 107.000 seguidores en Twitter, 296.000 seguidores en Facebook, 89.000 suscriptores en Youtube, con máis de 87 millóns de minutos de contido de triatlón visto.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión internacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores triatletas e paratriatletas do mundo, cunha asistencia de público de gran volume, cuestións que se traducirán nun retorno importantísimo para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Estas competicións ademais de servir de escaparate mundial para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións internacionais, impulsarán o comercio local, ofrecerán un entorno de deporte de inclusión ao desenvolverse a competición adaptada da Copa do Mundo de Paratriatlón, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de Federación Española de Triatlón, CIF: Q0878004A pola organización da Copa do Mundo de Paratriatlón e a Copa de Europa de Triatlón na cidade de Vigo e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 175.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, a favor da entidade FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLÓN, CIF: Q0878004A e enderezo social na Ferraz, 16, 3º dcha. (28008), en Madrid, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO A FAVOR DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLÓN EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DA COPA DO MUNDO DE PARATRIATLÓN E A COPA DE EUROPA DE TRIATLÓN NA CIDADE DE VIGO.(EXPTE. 23550/333).

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, D. José Hidalgo Martín como presidente da Federación Española de Triatlón CIF: Q0878004A e enderezo social na rúa Ferraz, 16, 3º dcha (28008), en Madrid, e na representación da mesma, segundo resulta da documentación obrante no expediente 23550/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é fomentar o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “Copa do Mundo de Paratriatlón e Copa de Europa de Triatlón” organizado pola Federación Española de Triatlón, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A Federación Española de Triatlón, propón a celebración na cidade de Vigo da “Copa do Mundo de Para triatlón e a Copa de Europa de Triatlón”, dúas importantes competicións que converterán á cidade de Vigo, durante a súa celebración, no centro de atención internacional do triatlón.

II.-Que a entidade Federación Española de Triatlón organizará o 01.06.2024, a “Copa do Mundo de Paratriatlón e a Copa de Europa de Triatlón”, de gran e espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da Federación Española de Triatlón por importe de 175.000,00 €.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo “Copa do Mundo de Paratriatlón e a Copa de Europa de Triatlón”.

VI.- Que a entidade Federación Española de Triatlón non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Federación Española de Triatlón materializan o seu interese acordan a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación Española de Triatlón comprométese a organizar a “Copa do Mundo de Paratriatlón e a Copa de Europa de Triatlón” na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluirán:

- 1º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.
- 2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.
- 3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.
- 4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.
- 5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
- 6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento deportivo.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Federación Española de Triatlón (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á Federación Española de Triatlón unha subvención por importe de 175.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo "Copa do Mundo de Paratriatlón e Copa de Europa de Triatlón". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados. O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "Copa do Mundo de Paratriatlón e Copa de Europa de Triatlón".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

5(298).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 20721/77.

Visto o informe de fiscalización de data 19/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” (G36928646) mediante escrito con rexistro de entrada do día 23 de xaneiro de 2024 (núm. Doc. 240032565), solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio no marco do Plan de Emprego que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, xuntando a seguinte documentación:

- solicitude da Xunta Directiva da entidade para o inicio do convenio.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartados 2 e 3 da Lei de Subvencións de Galicia;
- declaración responsable de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- certificación da secretaria da entidade acreditativa dos datos da presidenta, dona María Rosario Otero Rodríguez, que actúa con poder bastante para actuar en nome da asociación e para a sinatura do presente convenio.
- declaración responsable de non ter solicitadas nin concedidas outras axudas para a mesma finalidade
- declaración responsable que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- Orzamento estimado de ingresos e gastos do proxecto subvencionado
- Programa de actividades
- Certificacións de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria en data 31/01/2024, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, expedidos en data 16/01/2024; e co Concello de Vigo en data 01/02/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- II. A devandita asociación consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 870-04.
- III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800007 "CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS", cunha dotación de 50.000,00 €.
- IV. En data 31/01/2024, A tenente de Alcalde e concelleira da Area de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, resolveu iniciar o expediente para tramitar o presente convenio.
- V. A petición do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, expídese certificación de data 01/02/2024, do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.
- VI. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme da A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, achega memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" (G36928646), no marco da actuación municipal para o ano 2024, dando continuidade á súa actividade de fomento do emprego, que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para financiamento dos custos de catro postos de traballo desde o 01/03/2024 ata o 30/09/2024. Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a entidade propón o chamamento de 3 profesionais con contrato fixo discontinuo fomentando a estabilidade no emprego (1 Licenciada en Psicoloxía, 1 Licenciada en dereito e 1 Técnica administrativa con xornada do 76,92% e 51,28% respectivamente) e 1 nova contratación fixa discontinua dunha Diplomada en Traballo Social con xornada do 76,92%, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

II. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, segundo resolución Alcaldía 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23). Pola outra parte, asinará o convenio dona María Rosario Otero Rodríguez, co DNI 36012710T, en calidade de presidenta da asociación.

III. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Xustifícase a competencia municipal con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

Cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

III. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2024, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de febreiro de 2024 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

Tendo en conta a necesidade de mellorar e dinamizar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, ademais do coñecemento da situación destas mulleres, e sendo a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” a única entidade sen ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de 49.766,16 € de custes salariais, que se imputarán á partida 2410 4800007 “Convenio Emprego coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2024, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto **(01/02/2024 ao 30/09/2024)**.

Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os/as traballadores/as directa ou indirectamente beneficiarios/as da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 8.1, faise referencia á liña 2.5 Atención aos colectivos e ás súas necesidades sociais: mulleres vítimas de violencia de xénero, do Plan Estratégico de Subvencións (PES), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, no que se integran estas axudas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A teor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Explicítase no pacto noveno a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2023 , é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 27/06/2023, e modificacións posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, co CIF G36928646 para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Autorizar o gasto de **49.766,16€**, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2024.
- É competente para asinar o citado convenio a A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.
- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Praza do Rei núm. 1 de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL),

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI ****710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en asemblea celebrada o 17 de outubro de 2019, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei...”

Deste xeito, o Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sen ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón o chamamento de 3 profesionais con contrato fixo discontinuo (fomentando a estabilidade no emprego) e 1 nova contratación fixa discontinua para a realización de actividades de fomento,

orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, a prestación dos servizos sociais e de promoción, así como, da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- 1.- Eliminación da violencia, mediante a prevención e a concienciación de todos os e as axentes sociais, institucións e colectivos.
- 2.- Promover a mobilización da sociedade a través do coñecemento e da toma de conciencia da violencia de xénero, máxima expresión da falta de garantías, dereitos e liberdades das mulleres.
- 3.- Minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres en procesos de violencia de xénero, mediante información, motivación, asesoramento, e formación de acordo cos intereses e capacidades persoais.
- 4.- Fomentar a autoestima e a confianza necesarias para que as mulleres sexan protagonistas activas do seu proceso de ruptura cos malos tratos.
- 5- Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres.
- 6.- Valorar e respectar o mundo emocional e fomentar o bo trato nas relacións afectivas e sociais.
- 7.- Fomentar o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de organizacións de mulleres de cara a acadar a igualdade real entre mulleres e homes dende a perspectiva de xénero.

II.- Este convenio de colaboración, no marco da actuación municipal para o ano 2024, se integra na liña 2.5. Atención aos colectivos e ás súas necesidades sociais: mulleres vítimas de violencia de xénero, do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024.

III.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sen esquecer a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

IV.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de xaneiro de 2024, segundo as publicacións realizadas polo IGE:

Desemprego rexistrado:

CONCELLO	TOTAL DESEMPREGADOS/AS	MULLERES	HOMES
VIGO	16.943	9.765	7.178

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Ante as novas necesidades xurdidas pola situación actual global que estamos a vivir e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, especialmente en determinadas situacións de vulnerabilidade social e económica, debe facerse fincapé nas dificultades que atravesan as mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que a súa protección e acompañamento debe ser obxecto dunha atención especial e prioritaria por parte das distintas administracións públicas.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de concesión de subvención nominativa.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

VI.- Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego do Concello de Vigo en canto á estabilización e ~~n-e~~ fomento do emprego de calidade entre a cidadanía viguesa, mediante chamamento das profesionais contratadas en convocatorias anteriores na modalidade de fixas descontinuas e a nova contratación de persoas empadroadas no Concello de Vigo, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Eliminación da violencia, mediante a prevención e a concienciación de todos os e as axentes sociais, institucións e colectivos.
2. Promover a mobilización da sociedade a través do coñecemento e da toma de conciencia da violencia de xénero, máxima expresión da falta de garantías, dereitos e liberdades das mulleres.
3. Minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres en procesos de violencia de xénero, mediante información, motivación, asesoramento, e formación de acordo cos intereses e capacidades persoais.
4. Fomentar a autoestima e a confianza necesarias para que as mulleres sexan protagonistas activas do seu proceso de ruptura cos malos tratos.
5. Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres.
6. Valorar e respectar o mundo emocional e fomentar o bo trato nas relacións afectivas e sociais.
7. Fomentar o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de organizacións de mulleres de cara a acadar a igualdade real entre mulleres e homes dende a perspectiva de xénero.
8. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, “Asociacións en rede” (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación dos postos a contratar.
9. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría da Area de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
10. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
11. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellaría da Area de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude o como patrocinador



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
13. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
14. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
15. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
16. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
3. Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de **49.766,16€** (de custes salariais) para o desenvolvemento das accións imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio Emprego coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2024, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da **contía total** da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

En todo caso, a entidade deberá achegar, xunto coa solicitude de anticipo, a documentación acreditativa da realización do/s proceso/s de selección e conforme aos requisitos previstos no pacto **Noveno**, todo elo, de conformidade co disposto nos apartados a), b), c) e d),

respectivamente, de xeito que, se este extremo non quedase acreditado, non se poderá proceder ao pago do anticipo, salvo cando a documentación presentada integrante do dito proceso poida ser obxecto de emenda, en cuxo caso, se lle concederá un prazo de 10 días hábiles para a súa subsanación.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

➤A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

➤En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

➤A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

Oitavo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLA ENTIDADE BENEFICIARIA DA AXUDA

A entidade beneficiaria deberá realizar a convocatoria pública da oferta de emprego no caso de nova contratación, cando menos, 5 días antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b) Inserción na páxina web municipal "Asociacións en rede" (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido polo servizo. De non estar de alta na mesma, será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org
- c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido polo servizo, que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emplo@vigo.org.

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c), a entidade remitirá **a través da sede electrónica do Concello de Vigo** a proposta de contratación xunto coa documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, tal e como se indica a continuación:

- a) Certificado do/a secretario/a da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.
- b) Certificado do/a secretario/a da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.
- c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículo das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera.
- d) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **30 de outubro de 2024**.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A beneficiaria achegará copias electrónicas da documentación complementaria e responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:

1º) Declaración responsable asinada electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente, de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

3º) Memoria económica dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

- As retribucións de persoal xustificáranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

5.

4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

5º) Informe de vida laboral do código de conta de cotización onde conste a relación nominal de todas as persoas traballadoras que estean no cadro de persoal da asociación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

6º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo .- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito inhabitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **01 de febreiro e o 30 de setembro de 2024**.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo persoal de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan electrónicamente o presente convenio, en data das devanditas sinaturas

6(299).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2024. EXPTE. 12854/224.

Visto o informe xurídico de data 16/04/2024 e o informe de fiscalización do 19/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/04/2024, asinado pola xefa do servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc.) do Concello de Vigo, constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres desde o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024 (ambos incluídos), e que reúnan os requisitos establecidos nas súas bases reguladoras e na convocatoria.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral e, en particular, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a atención á diversidade, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade refírense os artigos 25.2.o) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80.2.k) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre mencionar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 91.500,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

O crédito indicado é lixeiramente superior ao inicialmente previsto (91.000,00 €) na liña estratéxica 4.8 "Actividades de defensa da igualdade de xénero" do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 (PES) do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. De acordo co establecido no punto NOVENO do PES, "non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".

En base ao anterior, este servizo xestor informa que a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas son os previstos no PES. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica 4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero, cuxos obxectivos son, entre outros:

- Fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero, atención á diversidade e promoción da saúde e benestar das mulleres.
- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- Favorecer actividades de investigación, educativas ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- Facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, pois, con carácter xeral, fomentan a participación feminina, especialmente, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, de maneira especial, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde e benestar das mulleres, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero e o fomento da participación social; e con carácter particular, atenden as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade: Educación en Igualdade, Conciliación e corresponsabilidade; Empoderamento e liderado, Emprego e formación, Contra a violencia de Xénero, Atención á diversidade, e Promoción da saúde e o benestar.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

A concesión destas subvencións efectuarase conforme os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

Nas bases reguladoras destas subvencións non se establece a obriga de xustificar as axudas concedidas coa acreditación do pagamento dos xustificantes dos gastos. Isto ven motivado, por unha banda, pola escasa contía das axudas que se conceden ao abeiro desta convocatoria e, por outra banda, pola insuficiente capacidade económica das entidades non lucrativas de carácter social que concorren. Tal e como se establece no artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permítese a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

En relación ao cumprimento dos requisitos para a concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera o establecido no artigo 20 da citada lei e, asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e á convocatoria destas subvencións é a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación estatal básica en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2024; o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2024 e os seus anexos I a VI, incorporados ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2024 e o extracto da mesma (incorporados ao expediente), e que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións en base ao establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto por importe máximo de 91.500,00 € (noventa e un mil cincocentos euros), que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2024. EXPTE. 12854-224

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base, nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral e, en particular, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero, e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece no seu art. 25 que “o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”. O parágrafo 2 do citado artigo dispón que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias... o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero”.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. O seu artigo 21 establece que “as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto de Administracións Públicas”.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia sinala, no seu artigo 20.2.f), como un dos criterios de actuación, en aplicación do principio



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

de transversalidade da dimensión de xénero, “o fomento da participación efectiva das mulleres na toma de decisións e na elaboración de estratexias para o seu empoderamento ao longo de todo o seu ciclo vital e en todas as áreas de actuación pública. En particular, fomentárase o asociacionismo das mulleres, a dinamización do tecido asociativo e a creación de redes”.

Para lograr a participación social plena das mulleres a través do seu empoderamento e incrementar a súa presenza nas esferas de decisión e influencia en todos os ámbitos, o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 establece como prioridades de actuación: apoiar o empoderamento individual e colectivo das mulleres, impulsar o acceso das mulleres ás esferas de decisión e potenciar o seu liderado, e visibilizar as contribucións das mulleres nos distintos eidos.

Entre as competencias que, en materia de Igualdade, ten delegadas a Concellería de Igualdade atópase a de potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 91.500,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica 4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero, cuxos obxectivos son, entre outros:

- Fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero, atención á diversidade e promoción da saúde e benestar das mulleres.
- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- Favorecer actividades de investigación, educativas ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- Facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, pois, con carácter xeral, fomentan a participación feminina, especialmente, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, de maneira especial, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde e benestar das mulleres, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero e o fomento da participación so-

cial; e con carácter particular, atenden as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade: Educación en Igualdade, Conciliación e corresponsabilidade; Empoderamento e liderado, Emprego e formación, Contra a violencia de Xénero, Atención á diversidade, e Promoción da saúde e o benestar.

A concesión destas subvencións efectuarase conforme os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

1) Finalidade e período de realización das actividades subvencionables

Estas subvencións teñen por obxecto contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e/ou actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024 (ambos incluídos) e atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

1.- Responder ás demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade: Educación en igualdade, Conciliación e corresponsabilidade, Liderado e empoderamento, Emprego e formación, Contra a violencia de xénero, Atención á diversidade, e Promoción da saúde e o benestar.

2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e a permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas, fomentando, por exemplo, accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina e o acceso e a permanencia de mulleres en postos de responsabilidade, ou establecendo medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas, desenvolvendo tanto actividades de sensibilización como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.

7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

8.- Organizar actividades de carácter formativo, cultural, artístico ou de ocio dirixidas a mulleres co fin de facilitarlles a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía.

9.- Concienciar e formar a homes e mulleres a través de módulos formativos sobre xénero e igualdade de oportunidades (IO) impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

II) Ámbito territorial

O ámbito territorial das actividades desenvolvidas polas entidades será o termo municipal de Vigo.

III) Persoas destinatarias das actividades subvencionadas

Cando se trate de actividades de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e da igualdade de oportunidades, poderán incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado I)3.- desta base, poderanse subvencionar proxectos dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

I. Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, que sexan contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.

b) Gastos de persoal. Con carácter xeral, non será subvencionable ningún gasto correspondente a retribucións do persoal propio da entidade, agás nos seguintes casos:

b.1) Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade contratado con anterioridade á realización do programa. Xustificarse mediante nóminas e RNT e RLC da Seguridade Social.

b.2) Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante. Estes gastos só serán subvencionables no caso de persoal encargado da coordinación da actividade subvencionada, sempre que se xustifique a súa necesidade, e co

seguinte límite: poderá imputarse como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do programa dunha única persoa encargada da coordinación. Xustificarse mediante nóminas.

c) Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación, como: luz, teléfono, alugamento de instalacións ou espazos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada (agás os gastos de alugamento do local social), mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral, contable e financeiro, etc. Estes gastos serán subvencionables sempre que se imputen ao programa subvencionado, non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade subvencionada e co límite máximo do 10% dos gastos directos.

II. Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal propio da entidade. Agás os gastos do persoal encargado da coordinación co límite establecido no apartado I. b.2), só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do programa subvencionado.

b) Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros (salvo seguros de responsabilidade civil especificamente contratados para o programa subvencionado, o que debe figurar claramente na póliza), adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

c) Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás, no caso destes últimos gastos, que o Servizo de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que sexan necesarios para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Tal e como se establece no apartado 2 da base oitava, o importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, co límite de 3.000 € de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refiren as presentes bases, por programa subvencionado.

Por conseguinte, a contía máxima de subvención que cada entidade pode solicitar nesta convocatoria é de 3.000 €, agás os casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes nos que a suma dos importes das subvencións que soliciten cada unha delas non poderá superar o límite máximo de 3.000 €.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o programa subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total das axudas non poderá superar o custo do programa subvencionado; no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para os supostos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cas establecidas nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran aos demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

- a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- d) Proxectos que, para a mesma finalidade, foran solicitados noutras Áreas ou Servizos do Concello de Vigo.

e) Proxectos que, a xuízo da Comisión de Avaliación, teñan unha relación e canle máis específica de axuda noutras Áreas do Concello de Vigo ou que a totalidade ou parte do seu obxecto estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato co Concello de Vigo. Quedarán excluídos tanto os proxectos que xa estean en execución como os que os distintos departamentos municipais prevexan aprobar durante o período subvencionable.

f) Proxectos que se realicen nos centros de ensino onde se estean a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero e que, a xuízo da Comisión de Avaliación, a súa execución en horario lectivo duplique os contidos e/ou afecte á boa marcha dos programas municipais.

g) Proxectos que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

h) Proxectos de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

i) Proxectos que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.

j) Proxectos que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

k) Proxectos que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.

l) Proxectos que teñan previsto a súa realización fóra do termo municipal de Vigo.

m) Proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1.- da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declarararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 4 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria non supera o importe de 3.000 €, estas subvencións están incluídas no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 polo que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social farase de forma simplificada mediante unha declaración responsable (declaración recollida no punto 5 do anexo IV da solicitude).

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan á Comisión Avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1.- Levar a cabo a súa actividade na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, responsabilidade civil, dereitos de autoría, etc.) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso. Deixar constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- 2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- 3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento dos seus proxectos, a organización, difusión e execución das súas actividades.
- 4.- Utilizar imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.
- 5.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.
- 6.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
- 7.- Asumir todas as responsabilidades que poidan derivarse da organización e realización dos programas e actividades que realicen.
- 8.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento de todas as actividades que realicen, así como cumprir os requisitos e demais condicións que a lexislación vixente estableza.
- 9.- Aboar as taxas, impostos, seguros, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.
- 10.- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión das actividades será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. O Servizo de Igualdade estudará cal sería a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.
- 11.- Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade, que permita dar cumprimento aos requisitos de información de realización e de resultados previstos nestas bases. Deberán realizar as actuacións precisas para recoller a información necesaria sobre as persoas participantes en cada acción e os resultados obtidos, que deberán incluír na Memoria final que se achegue na xustificación da subvención concedida (ver sistema de xustificación na base décimo sexta, apartado 3.d).
- 12.- Cumprir a normativa de protección de datos persoais, en concreto, o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

As entidades beneficiarias serán responsables de informar de maneira fidedigna ás destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos, conforme ao especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, así como dos aspectos incluídos no punto anterior, para o cal solicitarán o seu consentimento explícito. Así mesmo, as entidades beneficiarias serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.

13.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos:

1.- Calidade técnica, coherencia e viabilidade do proxecto. Ata un máximo de 16 puntos, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

- a) Adecuación e eficacia das actividades do proxecto para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula I) da base primeira.
- b) A capacidade da entidade de mobilizar a poboación destinataria da acción.
- c) O deseño dos contidos, a metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do proxecto.
- d) Grao no que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos neste apartado non se considerarán subvencionables, xa que non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do proxecto.

2.- Incorporación do enfoque de xénero na implementación do proxecto. Ata un máximo de 15 puntos, a razón de valorar con 3 puntos cada un dos cinco seguintes subapartados:

- a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio proxecto. Que a totalidade das actividades propostas no proxecto teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.
- b) Que o proxecto incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal, impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en xénero e igualdade de oportunidades (IO).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

c) Que quede acreditado que o equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do proxecto con accións formativas que non incorporen contidos específicos en materia de igualdade (valorados no subapartado anterior) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).

d) Que o proxecto estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións: vítimas de violencia de xénero, colectivo LGTBQI, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, mulleres con discapacidade..., ou que o proxecto teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estes colectivos.

e) Que o proxecto teña a finalidade de promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

3.- Impacto, sostibilidade e innovación. Ata un máximo de 10 puntos, a razón de valorar cun máximo de 2,5 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

a) Que o proxecto recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro proxecto no contorno, converténdose así, para o público destinatario, en referente en toda a Comunidade Autónoma ou, cando menos, na área sur de Galicia.

b) Que a acción proposta supoña a continuidade dun proxecto anterior que, polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, fora avaliado positivamente polo Servizo de Igualdade, o que lle outorga un valor engadido ao proxecto.

c) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.

d) Colaboración doutras entidades sen ánimo de lucro no proxecto presentado. Para tela en conta, esta colaboración deberá acreditarse documentalmente facendo constar o nome da entidade que colabora, as accións concretas do proxecto nas que colabora e como se vai materializar a dita colaboración. A puntuación deste subapartado distribuirase do seguinte xeito, tendo en conta que a máxima puntuación que se pode acadar é de 2,5 puntos e que d.1) e d.2) son excluíntes:

d.1) Se entre as entidades que colaboran no desenvolvemento do proxecto se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, obterase a máxima puntuación (2,5 puntos).

d.2) Se entre as entidades que colaboran no desenvolvemento do proxecto non se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, e trátase de entidades sen ánimo de lucro, obterase a metade da puntuación (1,25 puntos).

4.- Por recoller o proxecto algún dos seguintes obxectivos e accións. Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo que recolla o proxecto presentado de entre os seguintes, ata o máximo de 10 puntos:

A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.
2. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia nos distintos campos da cultura, da arte, da historia, da ciencia, da tecnoloxía, etc.
3. Elaborar estudos, investigacións, informes... sobre a situación social e/ou económica das mulleres en distintos ámbitos.
4. Formar e sensibilizar a mulleres e homes en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais en materia de igualdade de xénero.
5. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero a través de accións que promovan a adquisición por parte das mulleres de competencias dixitais básicas e avanzadas.

B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa.
2. Fomentar un reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas.
3. Pór en valor os traballos de coidados ante a sociedade, como parte fundamental para o sostemento da economía.

C) ÁREA DE LIDERADO E EMPODERAMENTO:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

D) ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN:

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.
2. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres.
3. Difundir, concienciar e informar ás empresas e ás mulleres traballadoras sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como sobre a normativa en materia de igualdade.
4. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

E) ÁREA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.
2. Mellorar a atención e a asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación de novos servizos, a potenciación dos recursos existentes e a mellora da coordinación institucional.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

3. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.

4. Sensibilizar á poboación na repulsa á violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres.

F) ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. Favorecer a visibilización e promoción social das mulleres nas que conflúen distintas discriminacións.

2. Contribuír á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

3. Potenciar accións que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas e apoio a colectivos de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI).

4. Divulgar estudos, investigacións e traballos técnicos que afonden na realidade que afecta ás persoas LGTBI.

G) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.

2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.

3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.

4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

5.- Participación no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 5 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 5 puntos a aquelas entidades que na data do 1/01/2024 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto

b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos

c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos

d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos

e) Con 16 ou máis anos de participación: 5 puntos

6.- O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2.l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Valorarase con 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achegue unha declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.

A Comisión de Avaliación encargada da valoración dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

1.- O importe total máximo destinado a estas subvencións (91.500,00 €) distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiarias, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada por cada unha delas no proceso de avaliación, que se realizará de acordo cos criterios previstos na base sétima.

2.- Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e/ou por proxecto. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os proxectos que consigan unha axuda superior a 3.000 € quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes.

No caso de quedar crédito libre, repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos acadados, co límite de 3.000 € de contía máxima por proxecto.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida polas presentes bases, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na páxina web do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

No marco desta convocatoria, cada entidade só poderá presentar un único programa, que debe reunir os requisitos estipulados na base primeira. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal.

A solicitude e a documentación complementaria correspondente presentaranse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán presentarse antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes de subvención que sexan presentadas con carácter extemporáneo, e propondrá ao órgano competente a denegación das subvencións solicitadas fóra de prazo.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos nas súas solicitudes.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación da solicitude de subvención deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) ANEXO I SOLICITUDE: Solicitude asinada pola/o representante da entidade.
- b) ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA: Programa de actividades para o que se solicita a subvención, asinado pola persoa responsable do programa da Muller na entidade, no caso de existir, e pola/o representante da entidade. Poderase ampliar a información en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados neste anexo.

c) ANEXO III ORZAMENTO DO PROGRAMA: Informe desagregado de ingresos e gastos do programa. O orzamento debe estar equilibrado e asinarse pola persoa responsable do programa da Muller na entidade, no caso de existir, e pola/o representante da entidade.

O orzamento que se indique neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorar o importe da subvención concedida cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100% do orzamento indicado. A axuda concedida será entón minorada na mesma proporción.

d) ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE: Declaración responsable asinada pola/o secretaria/o da entidade e pola/o representante acerca de:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade (apartado 1).
- Outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (apartado 3).
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).
- Que a entidade solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social (apartado 5).

e) Memoria das actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2023, e que deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

f) CIF da entidade solicitante.

g) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

h) Currículum do persoal que impartirá cada unha das actividades e cada un dos relatorios no caso de xornadas ou charlas.

i) Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades (IO) do equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do programa. No caso de que o proxecto incorpore contidos formativos de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares), esta acreditación é obrigatoria.

j) Outra documentación opcional, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.
- Acreditación da colaboración no desenvolvemento do proxecto doutras entidades sen ánimo de lucro.
- Calquera outro documento que as interesadas estimen conveniente en relación coa súa solicitude de subvención.

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

electrónicos habilitados ao efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da Administración convocante, debe facerse constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O Servizo de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como que se complemente a información facilitada pola entidade para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte o establecido no artigo 68 da LPAC, se a solicitude achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos nas presentes bases, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data da notificación do requirimento, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao enderezo de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

As bases reguladoras e a convocatoria, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

2.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” coa inclusión do logotipo e anagrama do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade será o encargado da instrución do procedemento para a concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima, a Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes de subvención de cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión e denegación das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver a concesión e denegación das axudas. O prazo máximo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, contado desde o último día do prazo de presentación de solicitudes. A resolución notificarase ás entidades solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto nos artigos 21 e 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

administrativo común das Administracións Públicas (LPAC). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola publicación da resolución na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo. En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexitima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O Acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias das axudas deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación ou renuncia á axuda no prazo máximo de 15 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación. A falta de manifestación expresa, entenderase aceptada. Xunto coa aceptación, deberán comunicar os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización das actividades.
- No caso de que o programa subvencionado inclúa diversas actividades indicárase aquelas que serán obxecto de xustificación por parte da entidade beneficiaria.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola Administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiras persoas a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES

1.- Prazo de xustificación

As beneficiarias das subvencions deberán xustificar con data límite o **31 de outubro de 2024** (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de que a xustificación presentada fora defectuosa e/ou incompleta, concederáse á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Transcorrido o prazo sen atender o requirimento, e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC, procederáse á revogación da subvención concedida e, no seu caso, á esixencia de reintegro da contía percibida e dos xuros de demora.

Se a entidade beneficiaria non presentase a xustificación da subvención concedida dentro do prazo establecido, actuaráse segundo establece o artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, conforme o cal: "transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancions que, conforme á Lei xeral de subvencions, correspondan."

2.- Cantidade a xustificar

A entidade beneficiaria deberá presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel por un importe total igual ou superior á contía da subvención concedida.

Ademais, deberá xustificar o custo total final do programa subvencionado mediante unha das seguintes opcións:

- a) Certificación que acredite que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de... € (apartado 2 do anexo V Solicitud de pago), ou
- b) Presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou
- c) Presentación de copias de facturas polo gasto non subvencionado

3.- Sistema de xustificación

A teor do disposto no art. 81 do Real Decreto 887/2006, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencions, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establecen na Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT) na xustificación das subvencións, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) ANEXO V SOLICITUDE DE PAGO, asinado pola/o secretaria/o e pola persoa que ostenta a representación da entidade.

Coa sinatura deste anexo certifícase, entre outros, os seguintes extremos:

- Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
- Que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando o custo total reflectido neste anexo sexa inferior ao 100 % do orzamento do programa indicado pola entidade no anexo III da súa solicitude de subvención, procederase a minorar proporcionalmente a axuda concedida.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que esta foi ou será declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social.
- Que a entidade está ou non exenta de presentar declaración do IVE.

b) ANEXO VI MEMORIA ECONÓMICA DA AXUDA CONCEDIDA, asinado electronicamente pola/o representante da entidade.

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar a subvención concedida, cuxo importe total deberá ser igual ou superior á contía da axuda, con identificación de cada unha das facturas relacionadas indicando número e data, nome e CIF/NIF do/a provedor/a, concepto e importe.

c) As facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel relacionadas no anexo VI, que se achegarán asinadas electronicamente polo/a representante da entidade.

As ditas facturas, ordenadas e numeradas seguindo a clasificación do anexo VI, deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

1. Número e, no seu caso, serie
2. Nome e apelidos ou razón social da persoa física ou xurídica que emite a factura
3. Número de identificación fiscal (NIF ou CIF) da persoa física ou xurídica que emite a factura
4. Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación
5. Lugar e data de emisión
6. Denominación social, CIF e enderezo da clienta que, en todo caso, será a entidade beneficiaria da subvención

Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique que se está exenta de presentar a declaración do IVE. As facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, asinada pola responsable da vogalía da muller da entidade ou, de non existir, pola persoa responsable da entidade, e na que figurará, cando menos, a seguinte información:

- Denominación do programa subvencionado
- Breve resumo do programa
- Datas e lugares de realización das actividades
- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Descrición detallada e ordenada das actividades subvencionadas que se levaron a cabo e dos gastos imputables a cada unha
- Recursos humanos
- Valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos perseguidos
- Materiais de difusión empregados
- Nos cursos e xornadas de formación, así como en actividades de ocio e tempo libre, engadirase: programa formativo, número de horas e identificación das participantes e do/a monitor/a, cos seus nomes, apelidos e números de teléfono.
- Material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; no caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

e) No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para material, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. Nese caso, achegarase unha mostra do dito material para a súa comprobación polo Servizo de Igualdade.

f) Dúas unidades de calquera material cuxo gasto estea incorporado como gasto directo da axuda concedida que non sexa susceptible de dixitalización, que deberá entregarse presencialmente no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

g) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

En relación coa xustificación do pagamento do uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente a presentación do documento emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas coa Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención, ou órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

En xeral, os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa co programa subvencionado e imputados ao período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024. Non terá que constar de forma expresa que foron pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido nestas bases.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) poderán formar parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda serán comprobadas polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

- Cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100 % do orzamento do programa indicado pola entidade beneficiaria no anexo III da súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maiores ingresos ou financiamento do previsto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

A subvención será compatible con calquera axuda concedida por Administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigos 17.3 da Lei 9/2007 e 19.3 da Lei 38/2003) .

A resolución-liquidación da axuda co pagamento parcial ou proporcional correspondente será competencia da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplifadamente por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (punto 9 do anexo V).

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIONS E SANCIONS

1.- Perda do dereito ao cobro

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e na convocatoria e, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención, o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención, a variación da finalidade da actuación e a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia (art. 31. 5 da citada Lei).

Cando o incumprimento consista nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do programa presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou a súa redución na mesma proporción. En todo caso, pro-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

cederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade da resolución de concesión e denegación das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Nos casos do artigo 33 LSG, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros datos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións

individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica estatal en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024 e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2024.

O obxecto desta convocatoria é iniciar e establecer o procedemento para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo que realicen actividades ou programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero. A estas finalidades refírense os artigos 25.2.o) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80.2.k) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións, que dará traslado do extracto da mesma ao BOPPO para a súa publicación, sen prexuízo da súa inserción no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

“Promoción da igualdade e do deporte feminino” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e/ou por proxecto. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os proxectos que consigan unha axuda superior a 3.000 € quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refire a presente convocatoria.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIONS

O obxecto destas subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e/ou actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024 (ambos incluídos) e atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

- 1.- Responder ás demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas pola Concellería de Igualdade: Educación en igualdade, Conciliación e corresponsabilidade, Liderado e empoderamento, Emprego e formación, Contra a violencia de xénero, Atención á diversidade, e Promoción da saúde e o benestar.
- 2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e a permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas, fomentando, por exemplo, accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina e o acceso e a permanencia de mulleres en postos de responsabilidade, ou establecendo medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.
- 3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.
- 4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- 5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas, desenvolvendo tanto actividades de sensibilización como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.
- 6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- 7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.
- 8.- Organizar actividades de carácter formativo, cultural, artístico ou de ocio dirixidas a mulleres co fin de facilitarlles a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía.
- 9.- Concienciar e formar a homes e mulleres a través de módulos formativos sobre xénero e igualdade de oportunidades (IO) impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

I. Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, que sexan contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.

b) Gastos de persoal. Con carácter xeral, non será subvencionable ningún gasto correspondente a retribucións do persoal propio da entidade, agás nos seguintes casos:

b.1) Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade contratado con anterioridade á realización do proxecto. Xustificarse mediante nóminas e RNT e RLC da Seguridade Social.

b.2) Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante. Estes gastos só serán subvencionables no caso de persoal encargado da coordinación da actividade subvencionada, sempre que se xustifique a súa necesidade, e co seguinte límite: poderá imputarse como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do programa dunha única persoa encargada da coordinación. Xustificarse mediante nóminas.

c) Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación, como: luz, teléfono, alugamento de instalacións ou espazos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada (agás gastos de alugamento do local social), mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral, contable e financeiro, etc. Estes gastos serán subvencionables sempre que se imputen ao programa subvencionado, non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade subvencionada e co límite máximo do 10% dos gastos directos.

II. Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de persoal propio da entidade. Agás os gastos do persoal encargado da coordinación co límite establecido no apartado I. b.2), só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do programa subvencionado.

b) Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros (salvo seguros de responsabilidade civil especificamente contratados para o programa subvencionado, o que debe figurar claramente na póliza), adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

c) Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás, no caso destes últimos gastos, que o Servizo de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que sexan necesarios para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministrados ou servizos, excedan estes de 15.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

O importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, co límite de 3.000 € de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes das subvencións, por programa subvencionado.

Por conseguinte, a contía máxima de subvención que cada entidade pode solicitar nesta convocatoria é de 3.000 €, agás os casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes nos que a suma dos importes das subvencións que soliciten cada unha delas non poderá superar o límite máximo de 3.000 €.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cas establecidas nas bases reguladoras.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

- a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- d) Proxectos que, para a mesma finalidade, foran solicitados noutras Áreas ou Servizos do Concello de Vigo.
- e) Proxectos que, a xuízo da Comisión de Avaliación, teñan unha relación e canle máis específica de axuda noutras Áreas do Concello de Vigo ou que a totalidade ou parte do seu obxecto estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato co Concello de Vigo. Quedarán excluídos tanto os proxectos que xa estean en execución como os que os distintos departamentos municipais prevexan aprobar durante o período subvencionable.
- f) Proxectos que se realicen nos centros de ensino onde se estean a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero e que, a xuízo da Comisión de Avaliación, a súa execución en horario lectivo duplique os contidos e/ou afecte á boa marcha dos programas municipais.
- g) Proxectos que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- h) Proxectos de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- i) Proxectos que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.

j) Proxectos que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

k) Proxectos que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axuste aos obxectivos desta convocatoria.

l) Proxectos que teñan previsto a súa realización fóra do termo municipal de Vigo.

m) Proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1.- da base sétima das bases reguladoras destas subvencións.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 4 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria non supera o importe de 3.000 €, estas subvencións están incluídas no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 polo que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social farase de forma simplificada mediante unha declaración responsable (declaración recollida no punto 5 do anexo IV da solicitude).

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan á Comisión Avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

O Servizo de Igualdade será o encargado da instrución do procedemento para a concesión das subvencións. A Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes de subvención de cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión e denegación das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver a concesión e denegación das axudas. O prazo máximo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, contado desde o último día de prazo de presentación de solicitudes. A resolución notificarase ás entidades solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto nos artigos 21 e 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

publicación da resolución na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

O Acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

OITAVA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola presente convocatoria e as bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na páxina web do Concello de Vigo.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

No marco desta convocatoria, cada entidade só poderá presentar un único programa, que debe reunir os requisitos estipulados nas bases reguladoras. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados coas bases reguladoras, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Para a presentación da solicitude de subvención deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) ANEXO I SOLICITUDE: Solicitude asinada pola/o representante da entidade.
- b) ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA: Programa de actividades para o que se solicita a subvención, asinado pola persoa responsable do programa da Muller na entidade, no caso

de existir, e pola/o representante da entidade. Poderase ampliar a información en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados neste anexo.

c) ANEXO III ORZAMENTO DO PROGRAMA: Informe desagregado de ingresos e gastos do programa. O orzamento debe estar equilibrado e asinarse pola persoa responsable do programa da Muller na entidade, no caso de existir, e pola/o representante da entidade.

O orzamento que se indique neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorar o importe da subvención concedida cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100% do orzamento indicado. A axuda concedida será entón minorada na mesma proporción.

d) ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE: Declaración responsable asinada pola/o secretaria/o da entidade e pola/o representante acerca de:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade (apartado 1).
- Outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (apartado 3).
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).
- Que a entidade solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social (apartado 5).

e) Memoria das actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2023, e que deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

f) CIF da entidade solicitante.

g) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

h) Currículum do persoal que impartirá cada unha das actividades e cada un dos relatorios no caso de xornadas ou charlas.

i) Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades (IO) do equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do programa. Cando o proxecto incorpore contidos formativos de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares), esta acreditación é obrigatoria.

j) Outra documentación opcional, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.
- Acreditación da colaboración no desenvolvemento do proxecto doutras entidades sen ánimo de lucro.
- Calquera outro documento que as interesadas estimen conveniente en relación coa súa solicitude de subvención.

DÉCIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta das bases reguladoras, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos:

1.- **Calidade técnica, coherencia e viabilidade do proxecto.** Ata un máximo de 16 puntos, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- a) Adecuación e eficacia das actividades do proxecto para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula I) da base primeira das bases reguladoras.
- b) A capacidade da entidade de mobilizar a poboación destinataria da acción.
- c) O deseño dos contidos, a metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do proxecto.
- d) Grao no que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos neste apartado non se considerarán subvencionables, xa que non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do proxecto.

2.- Incorporación do enfoque de xénero na implementación do proxecto. Ata un máximo de 15 puntos, a razón de valorar con 3 puntos cada un dos cinco seguintes subapartados:

- a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio proxecto. Que a totalidade das actividades propostas no proxecto teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.
- b) Que o proxecto incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal, impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en xénero e igualdade de oportunidades (IO).
- c) Que quede acreditado que o equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do proxecto con accións formativas que non incorporen contidos específicos en materia de igualdade (valorados no subapartado anterior) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).
- d) Que o proxecto estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións: vítimas de violencia de xénero, colectivo LGTBQI, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, mulleres con discapacidade..., ou que o proxecto teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estes colectivos.
- e) Que o proxecto teña a finalidade de promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

3.- Impacto, sostibilidade e innovación. Ata un máximo de 10 puntos, a razón de valorar cun máximo de 2,5 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

- a) Que o proxecto recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro proxecto no contorno, converténdose así, para o público destinatario, en referente en toda a Comunidade Autónoma ou, cando menos, na área sur de Galicia.
- b) Que a acción proposta supoña a continuidade dun proxecto anterior que, polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, fora avaliado positivamente polo Servizo de Igualdade, o que lle outorga un valor engadido ao proxecto.
- c) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.
- d) Colaboración doutras entidades sen ánimo de lucro no proxecto presentado. Para tela en conta, esta colaboración deberá acreditarse documentalmente facendo constar o

nome da entidade que colabora, as accións concretas do proxecto nas que colabora e como se vai materializar a dita colaboración. A puntuación deste subapartado distribuirase do seguinte xeito, tendo en conta que a máxima puntuación que se pode acadar é de 2,5 puntos e que d.1) e d.2) son excluíntes:

- d.1) Se entre as entidades que colaboran no desenvolvemento do proxecto se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, obterase a máxima puntuación (2,5 puntos).
- d.2) Se entre as entidades coas que colaboran no desenvolvemento do proxecto non se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade, e trátase de entidades sen ánimo de lucro, obterase a metade da puntuación (1,25 puntos).

4.- Por recoller o proxecto algún dos seguintes obxectivos e accións. Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo que recolla o proxecto presentado de entre os seguintes, ata o máximo de 10 puntos:

A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.
2. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia nos distintos campos da cultura, da arte, da historia, da ciencia, da tecnoloxía, etc.
3. Elaborar estudos, investigacións, informes... sobre a situación social e/ou económica das mulleres en distintos ámbitos.
4. Formar e sensibilizar a mulleres e homes en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais en materia de igualdade de xénero.
5. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero a través de accións que promovan a adquisición por parte das mulleres de competencias dixitais básicas e avanzadas.

B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa.
2. Fomentar un reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas.
3. Pór en valor os traballos de coidados ante a sociedade, como parte fundamental para o sostemento da economía.

C) ÁREA DE LIDERADO E EMPODERAMENTO:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

D) ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN:

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.
2. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres.
3. Difundir, concienciar e informar ás empresas e ás mulleres traballadoras sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como sobre a normativa en materia de igualdade.
4. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

E) ÁREA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.
2. Mellorar a atención e a asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación de novos servizos, a potenciación dos recursos existentes e a mellora da coordinación institucional.
3. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.
4. Sensibilizar á poboación na repulsa á violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres.

F) ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. Favorecer a visibilización e promoción social das mulleres nas que conflúen distintas discriminacións.
2. Contribuír á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
3. Potenciar accións que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas e apoio a colectivos de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI).
4. Divulgar estudos, investigacións e traballos técnicos que afonden na realidade que afecta ás persoas LGTBI.

G) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.
2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.
3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.
4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

5.- Participación no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 5 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 5 puntos a aquelas entidades que na data do 1/01/2024 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

- a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto
- b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos
- c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos
- d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos
- e) Con 16 ou máis anos de participación: 5 puntos

6.- O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2.l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Valorarase con 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achegue unha declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención.

A Comisión de Avaliación encargada da valoración dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

3.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

A presente convocatoria e as bases reguladoras, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

A convocatoria e as bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

4.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2024.

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publícanse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poden consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e/ou por proxecto. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os proxectos que consigan unha axuda superior a 3.000 € quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refire a presente convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCÍONS

O obxecto destas subvencións é contribuir a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e/ou actividades encamiñadas ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024 (ambos incluídos).

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos.

O importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, sen superar a contía de 3.000 € de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo proxecto por varias entidades solicitantes, por proxecto subvencionado.

QUINTA.- BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as entidades sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude e cumpran os demais requisitos que se establecen na convocatoria e nas bases reguladoras.

SEXTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrencia competitiva.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO)

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola convocatoria e as bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo.

7(300).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA (SADI)”. EXPTE. 12768/224.

Visto o informe xurídico de data 17/04/2024 e o informe de fiscalización do 18/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/04/2024, asinado pola xefa do servizo de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato é a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI), que consiste no coidado temporal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, ou persoas responsables, de cara a favorecer a participación social e laboral das mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade social.

O Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) é un recurso específico do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo que propicia a atención e o coidado dos fillos e das fillas menores de doce anos para as nais que carezan de recursos económicos suficientes ou de apoio familiar. O dito servizo ten como fin potenciar e favorecer a formación e o acceso ao mundo laboral das mulleres da nosa cidade, evitando así que ter ao seu coidado fillos e fillas impida e/ou dificulte a desexable independencia económica das mulleres así como a súa participación social e laboral en igualdade de condicións.

Pretende dar cobertura a necesidades sociais detectadas e ofrece atención a mulleres que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, tendo, entre outros propósitos, o de corrixir procesos de exclusión social e promover procesos de inclusión e de participación social.

Este servizo ofrece o coidado temporal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, ou persoas responsables, sempre que non se poidan utilizar outros recursos axeitados, ou durante o tempo preciso para acceder a eles. A coidadora infantil é a persoa responsable do coidado e do benestar da/o menor durante o tempo que dura a prestación do servizo.

O SADI ten como obxectivos:

1. Contribuír á harmonización da vida laboral, profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas de violencia de xénero.
2. Favorecer á incorporación das mulleres ao emprego.
3. Fomentar a formación académica e/ou ocupacional das mulleres.
4. Potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades de asociacionismo: anpas, movemento veciñal, asociacións culturais...
5. Acadar tempo propio e persoal específico para cada muller.

En data do 5 de febreiro de 2024, a axente de igualdade e a xefa do servizo de Igualdade asinan o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI). O informe é conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio.

En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 05.02.2024 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, no uso das competencias que lle atribúe a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos da xestión do “Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI)” asinados o 5 de febreiro de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio, e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e, en data do 6 de febreiro de 2024, polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e a secretaria da Administración Municipal.
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 9 de febreiro de 2024 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadoras en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 9 de febreiro de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Memoria económica asinada o 20 febreiro de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade, en data 21 de febreiro de 2024 pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, en data 22 de febreiro de 2024 pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e, en data do 23 de febreiro de 2024, polo concelleiro da área de goberno de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 12 de febreiro de 2024 (operación RC 202400027051 e operación RCFUT 202400027056).
- Memoria xustificativa asinada o 4 de abril de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade e Comercio; e, en data 5 de abril de 2024, pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 5 de abril de 2024 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 5 de abril de 2024 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 2 prórrogas de 1 ano de duración cada unha delas.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 374.454,26 €.

O importe do valor total estimado do contrato, incluída as dúas posibles prórrogas é de 748.908,52 €.

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 411.899,69 € que inclúe un IVE de 37.445,43 € (aplicado un IVE do 10%).

O prezo unitario calculado para este contrato, tal e como se xustifica na memoria económica do expediente é o seguinte:

PREZO UNITARIO SEN IVE = 24,77 €/hora
PREZO UNITARIO CON IVE = 24,77 € + 2,48 (10%) = 27,25 €/hora
PREZO UNITARIO HORARIO NOCTURNO OU FIN DE SEMANA SEN IVE = 28,73 €/hora
PREZO UNITARIO CON IVE = 28,73 € + 2,87 € (10%) = 31,60 €/hora

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2024 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2026.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Sadi kanguros” 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica, do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2025 e 2026.

Exercicio 2024 (4 mensualidades): 68.649,95€

Exercicio 2025 (1 anualidade): 205.949,84 €

Exercicio 2026 (8 mensualidades): 137.299,89 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Normas de funcionamento do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 2 de abril de 2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 de 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido, BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que

legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 12 de febreiro de 2024. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a “Xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI)”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 5 de abril de 2024.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o día 9 de febreiro de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 411.899,69 € que inclúe un IVE (10%) de 37.445,43 € para a contratación da “Xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI)” que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Sadi kanguros” 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica, do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e dos futuros orzamentos que se aproben para os exercicios 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 68.649,95 € imputarase ao exercicio 2024, 205.949,84 € imputarase ao exercicio 2025, e 137.299,89 € imputarase ao exercicio 2026.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(301).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO SUBSCRITO COA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO (APAPV) PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE ACOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS. EXPTE. 14995/306.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Visto o informe xurídico de data 16/04/2024 e o informe de fiscalización do 22/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/04/2024, asinado polo xefe de Medio Ambiente Sanidade e Consumo, e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O convenio cuxa modificación se pretende é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 86.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 da 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 22 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, 4 e 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (en adiante, LCSP) poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas para satisfacer o cumprimento dos fins que teñen encomendadas no ámbito das súas competencias. Máis especialmente, está expresamente previsto este convenio no artigo 22.2. da citada Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente emitiu en data 16/04/2024, memoria xustificativa sobre a modificación do convenio de colaboración.

O presidente da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo (en adiante, APAPV) presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, mostrando a súa conformidade coa modificación do convenio proposta.

O técnico de Administración xeral do Servizo de Medio Ambiente emitiu en data 17/04/2024, informe xurídico favorable.

Para a resolución da seguinte petición considéranse relevantes os seguintes

I.- ANTECEDENTES/FEITOS

I.1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 19 de febreiro de 2021, aprobou o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro municipal de recollida de animais abandonados de A Madroa (expte. 14995/306)”.

I.2.- O convenio formalizouse en documento administrativo en data do 23 de febreiro de 2021 e entrou en vigor o 1 de marzo de 2021.

I.3.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 31 de marzo de 2023, acordou iniciar o procedemento administrativo maior para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais competencia municipal e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente proceda de conformidade coa citada norma (expte. 16565/306). Dito contrato está actualmente en fase de licitación, apertura de ofertas.

I.4.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 9 de febreiro de 2024, acordou prorrogar de forma expresa polo prazo máximo dun ano (dende o 01/03/2024 ata 28/02/2025), ou ata o día anterior de inicio de vixencia do contrato maior en tramitación (expediente 16565/306), se este prazo fose inferior ó ano, o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro municipal de recollida de animais abandonados de A Madroa (expte. 14995/306)”, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 19.02.2021, asinado polas partes o 23.02.2021, entrada en vigor 01.03.2021; modificado pola adenda aprobada pola Xunta de Goberno Local sesión ordinaria do 23.06.2023, asinada en data 26.06.2023, entrada en vigor 01.07.2023.

I.5.- Dito convenio ten por finalidade, fundamentalmente, a colaboración na prestación dos servizos necesarios por parte da APAPV para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais – cans e gatos - abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería delegada competente.

O Concello achega á APAPV unha cantidade mensual, a partir da entrada en vigor da adenda de modificación do convenio, de 11.775,00 euros.

I.6.- A APAPV cumpriu de forma axeitada coas obrigas establecidas no convenio durante o período que levamos de vixencia deste, sen incidencias significativas.

I.7.- O Departamento de Medio Ambiente segue sen dispor de persoal para atender o Centro Municipal de Recollida de Animais Abandonados de A Madroa, nin das demais accións que ven desenvolvemento a APAPV en virtude do vixente convenio, polo que segue sendo preciso a colaboración externa.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

II.1. Competencia municipal na materia obxecto do convenio: xustificación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Os artigos 2.1 e 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL), en relación coa Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (en adiante, LPBACG), establece como obrigas municipais:

- *“Artigo 6. Competencias das administracións en materia de protección animal*

*1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal.
(...)”.*

- *“Artigo 22. Recollida e acollemento dos animais vagabundos e extraviados*

1. Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei.

2. Os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

*3. Os concellos poderán recoller e acoller animais por solicitude das persoas propietarias deles, logo da xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas desta lei.
(...)”.*

- *“Artigo 26. Colonias felinas*

1. Os concellos poderán establecer, conforme ás condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.

2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións.”

En termos semellantes, os artigos 22, 38 e 39 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais (BOE 29/03/2023, entrada en vigor o 29/09/2023).

O artigo 22 do mencionado texto legal preceptúa que os concellos deberán contar cun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria dos animais dispoñible as vinte e catro horas do día.

A Área municipal de Medio Ambiente ten atribuído, por delegación do alcalde de data 03/07/2023, a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa ós animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

O Concello de Vigo é titular do centro municipal de recollida de animais abandonados situado na parcela con número 117 do Inventario Municipal, dunha superficie de 4.023,00 m², subida A Madroa, 71, A Madroa.

O Departamento de Medio Ambiente non dispón de persoal suficiente para atender a prestación do servizo polo que se fai preciso unha actuación compartida entre o Concello de Vigo e unha asociación de protección e defensa de animais que posibilita o artigo 22.2. da citada LPBACG e tal e como ata agora se veu prestando o servizo dunha forma satisfactoria.

A formalización desta clase específica de convenios conta co respaldo legal explícito na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP), a cal inclúe no Capítulo VI do seu Título Preliminar (artigos 47 a 53) unha regulación pormenorizada dos convenios, abordando a súa definición, a tipoloxía, os requisitos de validez, o contido mínimo de que deben dispoñer, a duración, a extinción e os efectos da resolución.

II.2.- Obxecto e xustificación da modificación.

II.2.1.- Obxecto da modificación.

- A cláusula terceira (“Obrigas da APAPV”), letra a), do vixente convenio, establece o seguinte:

“a) Ao albergue, custodia, coidado e alimentación da totalidade dos cans, gatos e demais animais que se alberguen nas instalacións do centro de recollida, especialmente dos feridos ou maltratados, tanto os entregados por particulares como polos servizos municipais, de acordo coa lexislación que en cada intre lle sexa de aplicación”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Na memoria xustificativa emitida pola Xefatura do Servizo de Medio Ambiente en data 16/04/2024, propónse a modificación da cláusula transcrita, literalmente como segue:

“a) Ao albergue, custodia, coidado e alimentación da totalidade dos cans, gatos e demais animais que se alberguen nas instalacións do centro de recollida, especialmente dos feridos ou maltratados, tanto os entregados por particulares como polos servizos municipais, de acordo coa lexislación que en cada intre lle sexa de aplicación. Así mesmo, prestará os servizos de atención veterinaria de urxencia dispoñible as vinte e catro horas aos animais de compañía atopados en zonas ou espazos públicos da cidade que se atopen en custodia municipal e a atención sanitaria de colonias felinas”.

- A cláusula terceira (“Obrigas da APAPV”), letra b), apartado primeiro, do vixente convenio, establece o seguinte:

“1. Durante a xornada laboral do laceiro municipal, de 08:30 a 13:30 horas, a Asociación Protectora prestará un servizo de apoio en casos de urxencia. Este será determinado polo responsable do servizo de Medio Ambiente. O resto da xornada, os traballos de lacería serán desempeñados pola Asociación Protectora de Animais. Os períodos de vacacións, ausencias prolongadas da lacería municipal serán cubertos polo Concello.”

Na memoria xustificativa emitida pola Xefatura do Servizo de Medio Ambiente en data 16/04/2024, propónse a modificación da cláusula transcrita, literalmente como segue:

“1. Desempeñará os traballos de lacería durante a totalidade da xornada en días hábiles”.

- A cláusula cuarta (“Dereitos da APAPV”), letra d), do vixente convenio, establece o seguinte:

“d) O Concello achegara á APAPV unha cantidade mensual, a partir da entrada en vigor da adenda de modificación do convenio, de 11.775,00 euros. Dos cales, 2.075,00 euros deberán ser destinados, de conformidade co concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a apartación municipal nesa cantidade de 2.075,00 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

Forma de pagamento: A APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou

xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das de execución do orzamento”.

Na memoria xustificativa emitida pola Xefatura do Servizo de Medio Ambiente en data 16/04/2024, propónse a modificación da cláusula transcrita, literalmente como segue:

“d) O Concello achegara á APAPV unha cantidade mensual, a partir da entrada en vigor da adenda de modificación do convenio, de 19.465,00 euros. Dos cales, 2.075,00 euros deberán ser destinados, de conformidade co concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a apartación municipal nesa cantidade de 2.075,00 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

Forma de pagamento: A APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das de execución do orzamento”.

II.2.2.- Xustificación da modificación.

As razóns que xustifican a modificación do Convenio recóllense na mencionada memoria xustificativa, literalmente como segue:

“(…)

II.4.- Xustificación de novos servizos e orzamento:

II.4.1.- Servizos de lacería de 8:30 a 13:30 horas en días hábiles.

O número de cans inscritos no Rexistro Galego de Animais de Compañía (REGIAC) no Concello de Vigo é de máis de 42.000 e de gatos de compañía máis de 7.000; o número de colonias felinas da cidade máis de 160 con máis de 7.000 gatos esterilizados nos últimos anos, polo que o número de animais extraviados, abandonados ou noutras situacións que é preciso recoller e número de gatos ferais para o programa CES (captura, esterilización e solta) xera un importe volume de traballo.

Atender estas situacións require un servizo municipal de lacería en días hábiles e en horario de 8:30 horas a 13:30 horas que viña prestando o Concello de Vigo a través da lacería municipal ou contrato de servizos. O resto da xornada é atendido pola APAPV en virtude do convenio vixente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

A xubilación do laceiro municipal e da inexistencia de outro persoal do servizo que poida realizar as tarefas, a limitación da contratación menor e tendo en consideración que o contrato por procedemento aberto dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do concello de Vigo, que se atopa en tramitación co número 16565/306, fase de presentación de ofertas, contempla estes servizos, considerase xustificado que estes servizos se presten, tamén, pola APAPV a través da ampliación do presente convenio que se extinguirá cando se inicie o contrato en tramitación ou cando remate o prazo máximo do convenio, se este fose anterior.

Estes servizos precisan:

- Unha persoa formada que conduza e realice as funcións de lacería para captura, transporte e entrega dos animais*
- Un vehículo autorizado para o transporte de animais vivos cos correspondentes custes asociados de combustibles, seguros, mantemento*
- Epis, lazos, xaulas e outros materiais precisos.*
- Desinfección e desinsectación de Epis e Equipos.*
- Alimento para as xaulas de captura.*
- Telefonía.*

Atendendo ós custes laborais e os dos medios materiais precisos así como os orzamentos e contratos de empresas externas, estimase o seguinte orzamento, sen incluír beneficio industrial de ningún tipo.

- Custe persoal, soldos, s.s. a cargo = 85 euros x día hábil.*
 - Medios materiais e outros: 79 euros x día hábil*
- Total mensual: (85+79)x 22,5 días hábiles = 3.690,00 euros mes.*

II.4.2.- Servizos de atención veterinaria de urxencia de animais de compañía atopados en zonas ou espazos públicas da cidade que se atopan en custodia municipal e a atención sanitaria de colonias felinas.

Como antes se indicou, o número de cans inscritos no REGIAC no Concello de Vigo é de máis de 42.000 e de gatos de compañía máis de 7.000; o número de colonias felinas da cidade máis de 160 con máis de 7.000 gatos esterilizados nos últimos anos, polo que o número de animais de compañía extraviados, abandonados e de colonias felinas de competencias municipal e moi elevado. Estes animais de responsabilidade xeran intervencións veterinarias urxentes debido a enfermidades, feridas por accidentes e outras.

A entrada en vigor da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, obriga ós concellos a prestar a asistencia sanitaria ós

gatos de colonias felinas (artigos 38 e 39) e, tamén, prohiben o sacrificio destes animais, entre outros motivos, por enfermidade ou lesión con posibilidade de tratamento, xa sexa paliativo ou curativo e a eutanasia soamente estará xustificada baixo criterio e control veterinario co único fin de evitar o sufrimento por causas non recuperables que comprometa seriamente a calidade de vida do animal e que como tal terá que ser acreditado e certificado por un profesional veterinario colexiado.

Estes servizos víñaos prestando o Concello de Vigo a través dunha contratación menor externa de servizos veterinarios e non estaban incluídos no convenio vixente coa Asociación Protectora de Animais e Plantas de Vigo (APAPV).

O incremento significativo do custe destes servizos motivados pola entrada en vigor da Lei 7/2023, de 28 de marzo, a limitación da contratación menor e tendo en consideración que o contrato por procedemento aberto dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do centro municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do concello de Vigo, que se atopa en tramitación co número 16565/306, fase de presentación de oferta, contempla estes servizos, considerase xustificado que estes servizos se presten, temporalmente pola APAPV a través da ampliación do presente convenio que se extinguirá cando se inicie o contrato citado ou cando remata o prazo de vixente, se este fose anterior.

Os gastos dos últimos meses nestes servizos tendo en consideración a entrada en vigor da citada lei e os expedientes municipais 17120/306, 17246/306, 17447/306 sitúase entre os 4.000 e os 4.500 euros, polo que xustificaría un importe mensual de 4.000 euros a favor da APAPV para prestar estes servizos.

Por tanto, os novos servizos que se encomendarían á APAPV coa modificación do convenio incrementarían a achega municipal en 7.690,00 EUROS MENSUAIS.

(...)

Por outro lado, continúa dita memoria manifestando que “É necesario resaltar que os convenios responden á idea de colaboración na consecución dun fin común. Neste senso, e en canto ó obxecto, fronte o intercambio de prestacións patrimoniais, servizos, ou cousas por prezo, característico dos contratos, nos convenios, de acordo co fin de cooperación que lle é propio, se contrapón unha obriga de comportamento, actividade ou conduta, non a un prezo certo –ao non existir causa solvendi no negocio– senón a unha compensación. É dicir, non se pode prescindir da idea de colaboración e da ausencia de prezo como peculiaridade definidora dos convenios”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Finalmente, conclúese que *“c*ó obxecto de dar cumprimento ás obrigas que a lexislación vixente impón a esta Administración, considerase oportuno e necesario a modificación do vixente *“convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro de recollida ou refuxio de animais”* incrementando a achega municipal á APAPV nun importe mensual de 7.690,00 euros, pagadoiros a partir do 01/05/2024, data da entrada en vigor da modificación do convenio.”

O presidente da APAPV presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, mostrando a súa conformidade coa modificación do convenio proposta.

O incremento de gasto imputarase á partida orzamentaria 1721.227.99.07. *“Prestación servizos na caneira municipal”*.

II.3.- Réxime xurídico e competencia.

II.3.1.- Con carácter xeral para todos os convenios, o apartado segundo do artigo 49.g) da LRXSP, de carácter básico, recolle a posibilidade legal de modificación dos mesmos. A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

II.3.2.- De conformidade co que vai dito, queda xustifico o interese público, conveniencia e oportunidade da modificación do convenio proposta tendo en consideración a insuficiencia de medios humanos municipais para dar cumprimento ás obrigas que a lexislación vixente impón a esta Administración: servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria dos animais dispoñible as vinte e catro horas do día, atender o centro municipal de recollida de animais abandonados e demais accións a desenvolver pola APAPV segundo o convenio.

II.3.3.- De acordo co disposto no artigo 50 da LRXSP e na Base nº 40 das de execución dos orzamentos municipais, consta no expediente de referencia unha Memoria xustificativa asinada polo xefe do servizo de Medio Ambiente en data 16/04/2024.

II.3.4.- O Convenio modificado deberá ser obxecto de publicación no Portal de Transparencia, en virtude do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

II.3.5.- O proxecto de modificación do convenio deberá ser obxecto de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Arts. 92Bis ap. 1.b] LRBRL, 214 TRLRFL, 48 LRXSP e Base nº 40).

II.3.6.- A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL).

III.- Proposta de acordo.

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a adenda de modificación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS, co texto que se recolle neste acordo.

SEGUNDO: Autorizar o incremento do gasto por importe de 61.520,00 euros para o ano 2024 ao sinalar como entrada en vigor da modificación do convenio o 1 de maio de 2024, en previsión do establecido na cláusula cuarta do texto da adenda do convenio; 15.380,00 euros para o ano 2025, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, informándolle que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 123 e 124 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, consonte ao disposto nos artigos 46-1) e 4) da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2) da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o dito recurso polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24-1) da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

interposto, consonte ó establecido nos artigos 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

CUARTO.- Dar publicidade ao presente acordo mediante a súa publicación no Portal de Transparencia, nos termos sinalados na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“ADENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS ABANDONADOS (Exp. Nº 14995/306).”

R E U N I D O S

Dunha parte, D^a. Elena Espinosa Mangana, provista do DNI 34928725M, terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, na representación legal que ostenta do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade coa resolución de delegación de competencias de alcaldía de data 03/07/2023, asistida pola secretaria de Goberno Local, D^a. Susana Gallardo Fariña.

E doutra, D Andrés Ángel León Davila, provisto do DNI 36090504P, con enderezo para efectos de notificacións nas instalacións municipais do Centro de acollida de animais de A Madroa (Candean), actuando, en calidade de presidente, en representación da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo (en adiante, APAPV), inscrita no Rexistro Administrativo de Asociación co número 1966/000058-1 (PO), CIF nº G-36.638.955, en virtude das atribucións conferidas no artigo 30.2. dos seus Estatutos.

M A N I F E S T A N

1. Que con data 23/02/2021 ambas partes subscribiron un Convenio de colaboración aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/02/2021, modificado pola adenda aprobada pola Xunta de Goberno Local sesión ordinaria do 23.06.2023, asinada en data 26.06.2023, entrada en vigor 01.07.2023.

2. A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 9 de febreiro de 2024, acordou prorrogar de forma expresa o mencionado Convenio de colaboración polo prazo máximo dun ano (dende o 01/03/2024 ata 28/02/2025), ou ata o día anterior de inicio de vixencia do contrato maior en tramitación (expediente 16565/306), se este prazo fose inferior ó ano.

3. Que as partes manifestan a súa satisfacción pola colaboración desenvolvida e a súa vontade de introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de prestación de novos servizos pola APAPV, así como incrementar a súa dotación económica.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Modifícase a letra a) da cláusula terceira (“Obrigas da APAPV”), que queda redactada como segue:

“a) Ao albergue, custodia, coidado e alimentación da totalidade dos cans, gatos e demais animais que se alberguen nas instalacións do centro de recollida, especialmente dos feridos ou maltratados, tanto os entregados por particulares como polos servizos municipais, de acordo coa lexislación que en cada intre lle sexa de aplicación. Así mesmo, prestará os servizos de atención veterinaria de urxencia dispoñible as vinte e catro horas aos animais de compañía atopados en zonas ou espazos públicos da cidade que se atopen en custodia municipal e a atención sanitaria de colonias felinas”.

SEGUNDA: Modifícase a letra b), apartado primeiro, da cláusula terceira (“Obrigas da APAPV”), que queda redactada como segue:

“1. Desempeñará os traballos de lacería durante a totalidade da xornada en días hábiles”.

TERCEIRA: Modifícase a letra d) da cláusula cuarta (“Dereitos da APAPV”), que queda redactada como segue:

“d) O Concello achegara á APAPV unha cantidade mensual, a partir da entrada en vigor da adenda de modificación do convenio, de 19.465,00 euros euros. Dos cales, 2.075,00 euros deberán ser destinados, de conformidade co concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a apartación municipal nesa cantidade de 2.075,00 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

Forma de pagamento: A APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das de execución do orzamento”.

CUARTA: Entrada en vigor da adenda.

A presente adenda entrará en vigor o 01/05/2024.

En proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente o presente convenio de colaboración en Vigo, na data da sinatura electrónica.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

9(302).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 11639/320.

Visto o informe xurídico do 15/04/2024 e o informe de fiscalización do 17/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/04/2024, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá, e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

1. Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.
2. Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
4. Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
5. Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. Con data 28/11/2022, o concelleiro de Participación Cidadá e Festas resolveu adjudicar a SCHINDLER, S.A (A50001726), o servizo de mantemento dos ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, por un prezo total de 6.389,38 €, dos que 5.280,48 € corresponden á base impositiva e 1.108,90 € ao IVE.

II. Segundo o disposto no apartado 4 das FEC (Folla de Características do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAC), o prazo de duración do contrato é de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada una delas.

III. O contrato foi formalizado con data 1/12/2022 iniciándose a súa execución ao día seguinte (2/12/2022), polo que, o seu prazo finalizará o 1/12/2024.

IV. Con data 12/03/2024 o concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, autorizou o inicio da tramitación do expediente de 1ª PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO.

V. A través da notificación co número de saída 38103-2024, recibida o 19/03/2024, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 18/03/2024 e nº de saída 38103-2024, recibida o 19/03/2024 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017 e apartado 7.3 do PAC.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose iniciado a execución a partir do día seguinte á súa formalización (1/12/2022), con data 2/12/2022, o seu prazo finalizará o vindeiro 1/12/2024.

En relación co anterior, no apartado 4.C FEC, se prevé unha prórroga dun ano de duración.

II. Na actualidade , o servizo de mantemento de ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá un importe de 3.194,69 € e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279909 "MANTEMENTO ASCENSORES", quedando distribuído o prezo para o período 2/12/2024 - 1/12/2025, nas anualidades que se indican de seguido:

Exercicio	Importe
2024	257,64 €
2025	2.937,05 €
TOTAL	3.194,69 €

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizo de mantemento dos ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá (expte. 10504/320)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

VI. O órgano competente para acordar a prórroga dos contratos, nos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previstos no artigo 159.6 da LCSP é os concelleiro delegado de área, segundo acordo da XGL de 5 de novembro de 2020.

VII. A técnica que subscribe o informe declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e o concelleiro de Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a Estrutura da Administración do Concello de Vigo, Resolución de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas nos concelleiros de Área de Goberno e concelleiros delegados, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades expostas, e previo informe de Intervención, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de servizo de mantemento dos ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá do Concello de Vigo (expte. 10504/320) adxudicado a SCHINDLER, S.A (A50001726) por resolución do Concelleiro de Participación Cidadá e Festas de 22/11/2022, para o período comprendido entre 2/12/2024- 1/12/2025, polo importe de **3.194,69 €**, e se imputará á aplicación

orxamentaria 9240 2279909 "MANTEMENTO ASCENSORES", manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de **3.194,69 €**, dos que **257,64 €** corresponden ao orzamento de 2024 e **2.937,05 €** ao orzamento de 2025, e se imputará á aplicación orxamentaria 9240 2279909 "MANTEMENTO ASCENSORES"

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(303).- PROPOSTA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PSICÓLOGO/A. EXPTE. 44296/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2024, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 04/08/2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita nomeamentos interinos como psicólogo/a (Expediente 42610/220), que se publicaron no BOP de Pontevedra nº 156 de data 14 de agosto de 2023.

II.- Por Resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión de data 19/01/2024, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, e órgano de selección, expte. 43121/220.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

III.- Así mesmo, por Resolución da da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión de 02/02/2024 resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas correspondente á referida Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos.

IV.- Rematado o proceso selectivo referido, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 12/04/2024 a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor (orde descendente):

POSTO	Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1º	5	GALLEGO GONZÁLEZ	RAQUEL	***7255**	16,4375 ptos.
2º	11	LOPO DÍEZ	HELENA	***7568**	15,6495 ptos.
3º	8	HERMIDA GARAZO	Mª DE LOS ÁNGE- LES	***9601**	14,7625 ptos.
4º	13	OTERO PRADA	NOEMÍ	***5686**	14,625 ptos.
5º	7	GONZÁLEZ ÁLVAREZ	AROA	***9828**	14,125 ptos.
6º	15	RODRÍGUEZ VIÉITEZ	LAURA	***9318**	12,6125 ptos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria, establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes procederáse á publicación da relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións, por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados ou nomeadas funcionarios interinos en calquera das modalidades previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TREBEP.

Así mesmo na base VII establecíase que os e as aspirantes que superen a totalidade das probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados como persoal interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10.1 do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TREBEP, e normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se proceda á convocatoria de prazas de idénticas condicións en nova bolsa de emprego, ou se inclúan as prazas vacantes en vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de cinco anos.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu propoñer ao órgano competente a formación da bolsa de emprego de Psicólogo/a cos seguintes aspirantes ordenados de maior a menor a puntuación, polo que formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e que son os que se sinalan a continuación:

POSTO	Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1º	5	GALLEGO GONZÁLEZ	RAQUEL	***7255**	16,4375 ptos.
2º	11	LOPO DÍEZ	HELENA	***7568**	15,6495 ptos.
3º	8	HERMIDA GARAZO	Mª DE LOS ÁNGELES	***9601**	14,7625 ptos.
4º	13	OTERO PRADA	NOEMÍ	***5686**	14,625 ptos.
5º	7	GONZÁLEZ ÁLVAREZ	AROA	***9828**	14,125 ptos.
6º	15	RODRÍGUEZ VIÉITEZ	LAURA	***9318**	12,6125 ptos.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de agosto de 2022, adoptou acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, no que se establece entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, previo informe xustificativo da conveniencia polo servizo que solicite a formación da lista de reserva, que deberá fundarse en todo caso en razóns de interese xeral debidamente identificadas e acreditadas, que deberán constar no informe, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.”

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de administración xeral que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Psicólogo/a, que inclúe as persoas en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

APELIDOS	NO ME	DNI
GALLEGO GONZÁLEZ	RAQUEL	***7255**
LOPO DÍEZ	HELENA	***7568**
HERMIDA GARAZO	M ^a DE LOS ÁNGELES	***9601**
OTERO PRADA	NOEMÍ	***5686**
GONZÁLEZ ÁLVAREZ	AROA	***9828**
RODRÍGUEZ VIÉITEZ	LAURA	***9318**

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(304).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DE ELECTROMECÁNICOS. EXPTE. 44254/220.

Visto o informe de fiscalización de data 23/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/04/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente en data 16.04.2024 a súa provisión definitiva, consonte á calendarización efectuada nas actuacións municipais da dita provisión definitiva.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeráse polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.

- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de xefatura de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Festas, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

III.- SOBRE O PROCEDIMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura do Servizo de Festas, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a de Electromecánicos, mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE ELECTROMECAÑICOS POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO ESPECIFICO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a Electromecánicos
- Servizo no que se adscribe: Electromecánicos
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 4440101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.
- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 27.953,10 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Departamento, publicadas no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non

comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnalas directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado.

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoráranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoráranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorárase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.
- Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.
- Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.
- Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera admi-

nistración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciones, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

3.- Proxecto de mellora funcional

4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolto
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concurra
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicárase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

12(305).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DE FESTAS. EXPTE. 44252/220.

Visto o informe de fiscalización de data 23/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/04/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, actualmente en situación de vacante, tendo sido resolto polo órgano municipal competente



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

en data 16.04.2024 a súa provisión definitiva, consonte á calendarización efectuada nas actuacións municipais de provisión definitiva.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)

- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de xefatura de Festas, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura do Servizo de Festas, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a Festas, mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE FESTAS POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a Servizo Festas
- Servizo no que se adscribe: Festas
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 3290101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 25.902,24 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Unidade, publicadas no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnalas directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado.

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolto
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concurra
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

As comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicarse no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederá a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

13(306).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DE TURISMO. EXPTE. 44256/220.

Visto o informe de fiscalización de data 23/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/04/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOPPO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolto en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente en data 16.04.2024 a súa provisión definitiva, consonte á calendarización efectuada nas actuacións municipais de provisión definitiva.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira

da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de xefatura de Festas, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura do Servizo de Festas, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encaдрados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a Turismo, mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE TURISMO POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a Turismo
- Servizo no que se adscribe: Turismo
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 1040101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 25.902,24 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Unidade publicada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa

peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciabile, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnalas directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realiza-se ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolto
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicárase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso

Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

14(307).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2024. EXPTE. 5437/330.

Visto o informe xurídico do 26/03/2024 e o informe de fiscalización do 19/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/03/2024, asinado polo xefe do servizo Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal o 15 de febreiro do 2024, a “Federación de Libreiros de Galicia” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento das Feiras do Libro de Vigo durante o exercicio 2024; por este motivo, con data 27 de febreiro do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Federación de Libreiros de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrompidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro Novo e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión, eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2024:

Feira do Libro Novo, terá lugar do 1 ao 7 de xullo do 2024, na Praza de Compostela, cun horario de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 horas.

Feira do Libro Antigo e de Ocasión, terá lugar do 20 de xullo ao 4 de agosto, na Praza de Compostela, cun horario de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 21.30 horas.

A Feira do Libro antigo clausurarás ás 14:00 horas do domingo 4 de agosto do 2024.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola FEDERACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 30.000 € (trinta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Xunta de Galicia: 11.500 €
- Recursos Propios: 3.500 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do proxecto de convenio (presentado na sede electrónica o 14.03.2024).

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia, para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2024, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Federación de Libreiros de Galicia para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Libreiros de Galicia deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar

prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” ten como obxecto financiar a organización das Feiras do Libro de Vigo 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.16** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 15.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Federación de Libreiros de Galicia” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte
faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 15.000 € (quinze mil euros) á Federación de Libreiros de Galicia, CIF. V15038458, para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.16 “SUBVENCIÓN FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA. FEIRA DO LIBRO”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Libreiros de Galicia que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento das Feiras do Libro de Vigo 2024”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA” PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO DURANTE O ANO 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023.

Doutra, Dona María del Cielo Fernández Fernández, na súa condición de presidenta da “Federación de Libreiros de Galicia” (CIF: V-15038458) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa República Salvador, 28, entrechán B, CP 15701, da cidade de Santiago de Compostela, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*1.-Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ven desenvolvendo ininterrumpidamente a súa actividade dende o ano 1977 e que está integrada por libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro das actividades de apoio e promoción ao libro e ás librerías, realiza anualmente unha serie de actividades, entre as que destacan as Feiras do Libro Novo e as Feiras do Libro Antigo e de Ocasión,*

eventos con natureza claramente cultural cun papel importante na sociedade galega e nas cidades onde se desenvolven.

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA**, concretamente nas **FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2024**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.16, como subvención nominativa, a favor da **SUBV. FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, FEIRA DO LIBRO** a cantidade de 15.000 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización das Feiras do Libro de Vigo 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 30.000 € (trinta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Xunta de Galicia: 11.500 €
- Recursos Propios: 3.500 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Feira do Libro Novo, terá lugar do 1 ao 7 de xullo do 2024, na Praza de Compostela, cun horario de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 horas.

Feira do Libro Antigo e de Ocasión, terá lugar do 20 de xullo ao 4 de agosto, na Praza de Compostela, cun horario de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 21.30 horas.

A Feira do Libro antigo clausurará ás 14:00 horas do domingo 4 de agosto do 2024.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA, Dona María del Cielo Fernández Fernández , presidenta da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente que figura incorporado ao expediente.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (15.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para pro-

ceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2024 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equpos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

15(308
ORGA
ACCE:
10136/

Visto o
23/04/2024
pola xerarca
da Área de

NORM

ANTEC

Primeira
Seguridade

Orzamento Feiras do libro novo e antigo no Concello de Vigo	
Gastos	
Persoal apoio feiras	1.000,00 €
Materiais e montaxes (Aluguer e montaxe de casetas e suministros precisos para o correcto funcionamento das casetas)	20.000,00 €
Vixilancia e seguridade	2.500,00 €
Actividades e pregoeiros (gastos para diferentes tipos de actividades durante ás feiras)	4.000,00 €
Gastos de xestión (persoal estrutura)	2.500,00 €
	30.000,00 €
Ingresos	
Concello de Vigo	15.000,00 €
Xunta de Galicia	11.500,00 €
Fondos propios	3.500,00 €
	30.000,00 €

DE
- DE
PTE.

data
inado
elleira

ue se
nento
2014

nento

das

ea de
te de

contratación do servizo de organización do sistema de venda de entradas e control de accesos para eventos do servizo de Festas.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), con especial fincapé na necesidade da publicidade derivada do patrocinio, xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 10 de abril de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 19 de abril de 2024.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 19 de abril de 2024.
- Memoria económica, de data 19 de abril de 2024.
- Certificados de retención de crédito de data 16 de abril de 2024 .
- Memoria xustificativa, de data 19 de abril de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 19 de abril de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrencia.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do servizo de Festas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 19 de abril de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 19 de abril de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 77.056,88 €, sendo o valor estimado do contrato de 334.035, 59 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO" e as seguintes anualidades:

➤ *ano 2024: 77.056,88 €*

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(309).- COMUNICACIÓN Á CONCESIONARIA DA INOPERABILIDADE DA PRÓRROGA TÁCITA PREVISTA NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO. EXPTE. 1943/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/04/2024, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada "AQUALIA-FCC VIGO UTE", a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

II.- O contrato foi formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, por un prazo de duración de vintecinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991. Segundo a Cláusula 2A do Prego de cláusulas económico-administrativas particulares da concesión (en adiante PCEAP) e a Cláusula Décima do Contrato "*a concesión poderá ser prorrogada tacitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prorrogas*".

III.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21.11.2011 acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. Esta prórroga finalizou o 31 de decembro de 2020.

IV.- O devandito Acordo da primeira prórroga do contrato adoptouse trala tramitación do correspondente expediente administrativo (Expte. 33-141). En concreto, consta neste expediente Informe emitido polo titular da Asesoría Xurídica, de data 9.11.2010; Informe do Interventor Xeral municipal, de data 25.11.2010; e Informes do Secretario Xeral do Pleno, de datas 22.10.2011 e 21.11.2011, sobre o réxime de prórrogas no contrato de concesión da xestión integral do Servizo público de Abastecemento e Saneamento de Auga.

No Informe emitido polo titular da Asesoría Xurídica, entre outras cuestións, se xustificou a inadmisibilidade de proceder a unha prórroga tácita nos termos establecidos no Prego e a necesidade de que a prórroga fora expresa, trala tramitación e aprobación do correspondente procedemento. En efecto, segundo se expón no devandito informe, se ben a prórroga tácita era admisible baixo a lexislación anterior, foi rexeitada trala entrada en vigor da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que dá nova redacción ao artigo 67 da Lei 13/1995, de 18 de maio de Contratos das Administracións Públicas *“al resultar un contrasentido -segundo expón a Xunta Consultiva de Contratación- que un contrato celebrado con anterioridad a su entrada en vigor pudiese continuar produciendo sus efectos indefinidamente en virtud de prórrogas tácitas”* (Informes 24/04, 35/04, 47,04, 50/04 e 55/04)

Consta tamén no expediente escrito de aceptación presentado no Rexistro Xeral deste Concello, con data 21.11.2011 pola Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, que en resposta ao trámite de audiencia concedido pola Administración Municipal acepta a interpretación e condicións da prórroga expresa da concesión.

V.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 19.12.2019 acordou comunicar á concesionaria a inoperabilidade da prórroga tácita prevista no prego de cláusulas administrativas reitor da concesión administrativa da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, da que é titular a empresa AQUALIA-FCC VIGO, sendo o citado acordo firme e consentido pola concesionaria.

VI.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.12.2020 acordou a segunda prórroga deste contrato de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo», por un período con vixencia de 5 anos con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, a favor da actual concesionaria do servizo FCC AQUALIA VIGO UTE, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable á concesión da xestión do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo

Tanto a adxudicación como a formalización do contrato de concesión que tratamos tiveron lugar baixo a vixencia da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adiante LCE) polo que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 13/1995, de 18 de maio, pola que se aproba a Lei de Contratos das Administracións Públicas; a Disposición Transitoria Única da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que modifica a anterior; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei de contratos; a Disposición Transitoria Primeira da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; a Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido desta Lei; e a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, a norma de aplicación a este contrato é a Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril.

SEGUNDO.- Regulación das prórrogas dos contratos de xestión dos servizos públicos

O Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba a Lei de Contratos do Estado e o Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais(en adiante, RSCL) establecen que a duración dos contratos de xestión dos servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente a súa duración e as prórrogas de que poda ser obxecto, sen que en ningún caso poda exceder o prazo total, incluídas as prórrogas, de noventa e nove anos segundo o artigo 64 LCE e de cincuenta anos segundo o artigo 115 RSCL. Por tanto, a Administración contratante ao amparo desta regulación podía fixar no prego de cláusulas económico administrativas reitor da concesión unha duración inferior para o contrato e prever unha ou varias prórrogas á duración do mesmo, na forma e polos prazos que estimara convinte, sempre sen superar o prazo máximo que, no caso que nos ocupa, é o de cincuenta anos fixado polo artigo 115 RSCL.

De acordo con estas previsións, o Prego de cláusulas económico administrativas e o Contrato formalizado o día 8 de xaneiro de 1991 para a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo fixaron un prazo de duración da concesión de vinte e cinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991, prorrogable tácitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prórrogas.

Segundo se expuxo nos antecedentes, a Xunta de Goberno en sesión de data 30.12.2020 acordou declarar a prórroga expresa da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, por un período de 5 anos, contados a partir do

día seguinte ao do vencemento do contrato. En consecuencia o periodo de prórroga finaliza o 31 de decembro de 2025.

Este Acordo de prórroga se adopta de conformidade cos criterios da Xunta Consultiva de Contratación, que en reiterados dictámenes mantén que unha vez entrada en vigor a nova redacción do artigo 67 da Lei de Contratos das Administracións Públicas coa aprobación da Lei 53/1999, de 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, deben ser rechazadas as prórrogas tácitas.

Entre estes informes da Xunta Consultiva de Contratación, cabe destacar o Informe 24/04, de 7 de xuño, ratificado por Informes 35/04, 50/04 e 55/04 nos que se indica que *“resulta un contrasentido que un contrato celebrado con anterioridade a su entrada en vigor pudiese continuar produciendo sus efectos indefinidamente en virtud de prórrogas tácitas”*; o Informe 47/04, de 12 de novembro que engade que *“ la prórroga de un contrato es una renovación del mismo por un nuevo periodo, por lo que debe considerarse nuevo contrato, lo que impone que, al producirse durante la vigencia del actual artículo 67.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas el consentimiento contractual de la prórroga implica haya de ser necesariamente expreso”*

Por tanto, segundo indica a Xunta Consultiva de Contratación en Informe 27/07, de 29 de outubro *“ a partir de la entrada en vigor de la Ley 53/1999, de 28 de diciembre, que da nueva redacción al artículo 67.1 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas **no son admisibles las prórrogas tácitas aun estando previstas en contratos anteriores a la indicada fecha”***

Tendo en conta a imposibilidade da prórroga do contrato pola tácita recondución para os contratos preexistentes á entrada en vigor da Lei 53/1999 polos motivos expostos, procede comunicar á concesionaria, coa mesma antelación que a que establece o prego de cláusulas do contrato para a denuncia da concesión, a inoperabilidade da prórroga tácita prevista no devandito prego de cláusulas; comunicación se efectúa con independencia de que de ser necesario, e ao amparo da normativa aplicable, se adopten os acordos necesarios para garantir a continuidade do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Comunicar á concesionaria a inoperabilidade da prórroga tácita prevista no prego de cláusulas administrativas reitor da concesión administrativa da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, da que é titular a empresa AQUALIA-FCC VIGO

Segundo.- Notificar o presente acordo a empresa AQUALIA-FCC VIGO UTE, como concesionaria do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento, aos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

efectos oportunos, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos membros da Comité técnico de traballo no ámbito do servizo publico municipal de abastecemento de auga e saneamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(310).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE INTERVENTOR TÉCNICO DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO. EXPTE. 1942/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/04/2024, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada “AQUALIA-FCC VIGO UTE”, a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

II.- O contrato foi formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, por un prazo de duración de vintecinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991. Segundo a Cláusula 2A do Prego de cláusulas económico-administrativas particulares da concesión (en adiante PCEAP) e a Cláusula Décima do Contrato “*a concesión poderá ser prorrogada tacitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prorrogas*”.

III.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21.11.2011 acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. Esta prórroga finalizou o 31 de decembro de 2020. E con data de 30.12.2020 a Xunta de Goberno Local acordou unha segunda prórroga deste contrato por un período con vixencia de 5 anos con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

IV.- O PCEAP da concesión de que tratamos, na súa cláusula 117, no apartado relativo “á reversión dos bens afectos á concesión” dispón que: *“Extinguida a concesión, calquera que sexa a causa, reverterán gratuitamente ao Concello a totalidade dos bens e infraestrutura básica que a Administración adscriba inicialmente ou que resulten dos que se incorporen durante a vixencia da concesión, incluídos aqueles que puidera aportar a concesionaria.*

Non obstante o disposto na precedente condición, ao término do contrato o Concello poderá adquirir os medios de xestión non amortizados totalmente afectos ao servizo público obxecto da concesión que sexan propiedade do concesionario e nos que poida estar interesado aquel. O material será valorado no seu caso polo valor residual”.

Pola súa parte, a Cláusula 26a3 do Prego, en relación co “Mantemento e conservación da infraestrutura” establece, no que agora interesa, que:

“Durante os tres últimos anos da vida do contrato o Concello poderá intervir, se o considera necesario, no mantemento e a conservación das infraestruturas do servizo, esixindo as reparacións co obxecto de manter a mesma no mellor estado ata a finalización da concesión”.

VI.- Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área Fomento de data 8 de decembro de 2021 acordouse o nomeamento dos técnicos municipais encargados do seguimento do contrato da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, entre eles nomeouse director técnico da concesión ao Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal D. Xacobe Paz Salgado, sendo estas labores supervisadas e dirixidas pola Xefatura de Vías e Obras.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Tanto a adxudicación como a formalización do contrato de que tratamos tiveron lugar baixo a vixencia da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que, de acordo coas disposicións transitorias primeira da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que modifica a anterior, da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, do Texto Refundido desta, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, é a Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril, a norma de aplicación aos efectos deste contrato, así como ao seu cumprimento e extinción.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

SEGUNDO.- A cláusula 117 do PCEAP no apartado relativo “á reversión dos bens afectos á concesión” dispón que: *“Extinguida a concesión, calquera que sexa a causa, reverterán gratuitamente ao Concello a totalidade dos bens e infraestrutura básica que a Administración adscriba inicialmente ou que resulten dos que se incorporen durante a vixencia da concesión, incluídos aqueles que puidera aportar a concesionaria.*

Non obstante o disposto na precedente condición, ao término do contrato o Concello poderá adquirir os medios de xestión non amortizados totalmente afectos ao servizo público obxecto da concesión que sexan propiedade do concesionario e nos que poida estar interesado aquel. O material será valorado no seu caso polo valor residual”.

Pola súa parte, a Cláusula 26a3 do PCEAP, en relación co “Mantemento e conservación da infraestrutura” establece, no que agora interesa, que:

“Durante os tres últimos anos da vida do contrato o Concello poderá intervir, se o considera necesario, no mantemento e a conservación das infraestruturas do servizo, esixindo as reparacións co obxecto de manter a mesma no mellor estado ata a finalización da concesión”.

TERCEIRO.- O artigo 78 da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril, sobre a extinción do contrato de xestión de servizos públicos establece o seguinte:

“ Cuando finalice el plazo contractual el servicio revertirá a la Administración, debiendo el empresario entregar las obras e instalaciones a que esté obligado con arreglo al contrato y en el estado de conservación y funcionamiento adecuados.

Durante un período prudencial anterior a la reversión deberá el órgano de la Administración competente adoptar las disposiciones encaminadas a que la entrega de los bienes se verifique en las condiciones convenidas”.

No artigo 131 do Decreto de 17 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das corporacións locais, establécese a necesidade da designación dun Interventor técnico da empresa concesionaria, o cal vixiará a conservación das obras e material e informará sobre as reparacións e reposicións necesarias para mantelos nas condicións previstas.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Designar como Interventores técnicos da Empresa concesionaria aos Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesados indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo

de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(311).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO REPRESENTANTE CONCELLO VIGO NA ENTIDADE DE CONSERVACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO PARA O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DESTA. EXPTE. 1944/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/04/2024, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe dos servizos xurídicos de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo, como axencia de desenvolvemento local, foi o impulsor, a través de anteriores convenios co concello de Vigo, do polígono industrial de Valadares denominado «Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo» (en adiante PTL)

II.- O Plan Parcial do PTL foi aprobado definitivamente por acordo Plenario do 26 de marzo de 2001 (expte. 4959/411), en desenvolvemento dun sector de solo urbanizable delimitado no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no ano 1993, tras a súa modificación puntual do 29 de setembro de 2000 (expte. 4868/411).

O Proxecto de Urbanización correspondente a dito Plan Parcial aprobouse definitivamente por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 21 de xuño de 2001, clarexado por acordo posterior do 30 de agosto de 2001 (expte. 4281/401).

O 16 de maio de 2002 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de reparcelación do PTL (expte: 4292/401).

En datas de 29 de setembro de 2003, 28 de xuño de 2004 e 30 de xaneiro de 2006 o Pleno municipal acordou respectivamente a aprobación definitiva das modificacións puntuais números 1, 2 e 3 do Plan Parcial (exptes. 8265/411, 8781/411 e 9353/411).

III.- Na acta de recepción e entrega das obras de urbanización do PTL preveuse a formalización dun convenio para a conservación das mesmas mediante a creación dunha "Entidade Urbanística de Conservación"; entidade de conservación cuxa constitución foi



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

aprobada por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, de data 23 de maio de 2008, no que se aprobaron tamén os seus estatutos.

IV.- A constitución da entidade de conservación e a aprobación dos seus estatutos tramitouse simultaneamente coa do expediente do convenio arriba referido entre o concello de Vigo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Entidade para a conservación do PTL, que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do concello de Vigo en sesión de 21 de xaneiro de 2008 e asinado o 4 de decembro seguinte.

V.- O convenio prevía un prazo de vixencia indefinido, polo que a extinción deste produciuse o 1 de outubro de 2020, isto é catro anos a contar da entrada en vigor da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, en aplicación da súa disposición adicional oitava.

VI.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 30 de decembro de 2021 acordou aprobar un novo convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo para o mantemento e conservación deste.

VII.- Con data 03 de abril por parte de D. Roberto Cabalo, Presidente da Entidade urbanística de conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo remítiu escrito solicitando o nome dos representantes do Concello de Vigo nos órganos da entidade nos que o concello de Vigo ten representación: Xunta de Administración da EUC e Comisión de Seguimento Mixta do convenio).

VIII.- A xestión dos dereitos e obrigas do Concello de Vigo na entidade de conservación atópase atribuída á Área de Fomento e Servizos polo que considerase convinte que os representantes do Concello sexan funcionarios da devandita Área.

IX.- Competencia.- Correspondénlle a Xunta de Goberno Local, segundo o artigo 127.m da ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o nomeamento do seu representante nos ditos órganos.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Nomear como representante do Concello de Vigo na Xunta de Administración da Entidade Urbanística de Conservación do PTL e na Comisión Mixta de Seguimento do convenio colaboración entre ambas entidades ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, D. Óscar Couce Senra

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesados indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(312).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMENEZ ENTRE A RÚA MARQUÉS DE VALTERRA E RÚA TORRECEDEIRA”. EXPTE. 5693/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/04/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 07.05.2021 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de “ VIGO VERTICAL - MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMON JIMÉNEZ ENTRE A RÚA MARQUÉS DE VALTERRA E RÚA TORRECEDEIRA” a favor da arquitecta Iria Urdampilleta Pérez.

II.- A dita arquitecta presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de VIGO VERTICAL “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMON JIMÉNEZ ENTRE A RÚA MARQUÉS DE VALTERRA E RÚA TORRECEDEIRA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DEZAOITO MIL CATROCIENTOS DEZASEIS EUROS con DEZ CÉNTIMOS (1.018.416,10 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, en data 06.09.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral da Área de Fomento, na data 08.09.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación localízase na rúa Juan Ramón Jiménez, entre as rúas Marqués de Valterra e Torrecedeira. Trátase dun ámbito con un desnivel de 11 metros, entre a praza flanqueada polos edificios co número 37 e 39 en Marqués de Valterra, que conecta na parte superior coa rúa Torrecedeira. As obras a executar se enumeran a continuación:

- Instalación de un ascensor exterior público que salve o desnivel de formigón inserido no talude e disposición dunha pasarela de acceso superior ao ascensor na rúa Torrecedeira co obxectivo de potenciar o eixo VIGO VERTICAL. Formación dun pequeno miradoiro.
- Renovación e aumento da anchura das beirarrúas en todo o ámbito de actuación para mellorar a accesibilidade e priorizar a mobilidade peonil fronte ao tráfico rodado.
- Pavimentación acorde aos diferentes ámbitos do proxecto: granito gris e negro nas beirarrúas de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Torrecedeira, formigón pulido antideslizante na praza de Marqués de Valterra, granito gris louro no resto de beirarrúas e mesturas bituminosas na calzada.
- Dotación de mobiliario urbano e plantación de novos árbores en substitución dos afectados polas obras, e disposición de arbustos e plantas nos diferentes bancales e xardineiras.
- Instalación dunha nova rede de pluviais en todo o ámbito. Disposición de unha rede de rego en todas as zonas axardinadas.
- Renovación da rede de alumado por un sistema máis eficiente e homoxénea en todo o entorno.
- Instalación de dúas novas columnas semaforicas e renovación das canalizacións.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de OITO (8) MESES.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, de data 05.12.2022, por tratarse dunha actuación no contorno de protección do xacemento Marques de Valterra – Juan Ramón Jiménez (GA36057086), autorizando a actuación solicitada condicionada a realización dunhas sondaxes arqueolóxicas valorativas previas ao comezo da obra.

Asemade, consta tamén no expediente, resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 18.03.2024, pola que se autoriza o proxecto de intervención para a realización de sondaxes arqueolóxicas valorativas na rúa Juan Ramón Jiménez entre Jacinto Benavente e Torrecedeira.

VI.- A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos emite en data 19.04.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O solo onde execútanse as actuacións emprázanse no ámbito do Plan Xeral de Ordenación Urbana De Vigo (PXOU93) vixente, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG no87, do 10/05/1993; BOP no133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, habida conta da declaración de nulidade contida na sentenza de 10.11.2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG no 106, do 03.06.2008; BOP no 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG no 144, do 24.07.2009; BOP no 175, do 10.09.2009).

A actuación prevista descorre polo solo urbano, destinado a formar parte do sistema local viario e cumpre coas aliñacións fixadas no plan xeral. As actuacións proxectadas no espacio público cumpren cos requisitos urbanísticos para considerarse incluído en ditas clasificacións e ordenacións do solo, e considéranse adecuadas e integradas coa contorna.

As obras atópanse dentro do contorno de protección do xacemento Marques de Valterra – Juan Ramón Jiménez (GA36057086), polo que deberán realizarse unhas sondaxes arqueolóxicas previas ao comezo da obra, definidos no proxecto arqueolóxico autorizado en data 18/03/2024, e o proxecto consta coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 05/12/2022.

As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. As obras están fóra da zona de policía de cauces, e non afectan a infraestruturas de titularidade de outras administracións, polo que non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de VIGO VERTICAL “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMON JIMÉNEZ ENTRE A RÚA MARQUÉS DE VALTERRA E RÚA TORRECEDEIRA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DEZAOITO MIL CATROCENTOS DEZASEIS EUROS con DEZ CÉNTIMOS (1.018.416,10 €), e con sinatura dixital de data 18 de abril de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo. Expte. 53229/444.
- .- Expediente de contratación da prestación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do Servizo de Festas. Expte. 10069/335.
- .- Expediente de contratación da prestación do servizo de ambulancias para soporte dos eventos organizados polo Servizo de Festas dentro da súa programación anual. Expte. 10115/335.
- .- Participación do Concello de Vigo na convocatoria 2024 para a renovación da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación. Expte. 10377/113.
- .- Expediente de contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos do Servizo de Festas. Expte. 10062/335.
- .- Expediente de contratación da prestación do servizo de organización, xestión e execución dun Programa de dinamización infantil. Expte. 9847/336.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(313).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXTPE. 53229/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 23/04/2024 e o informe de fiscalización do 25/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/04/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo: Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de SUBMINISTRO DE ENERXÍA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a IBERDROLA CLIENTES S.A.U., con data 7 de abril de 2022 e formalizado o 12 de maio de 2022.

O contrato iníciase en data 1 de novembro de 2022, tendo duración dun ano con posibilidade de prórroga de un ano.

2º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de outubro de 2023, acordou aprobar a primeira prórroga dun ano de duración do contrato baseado no Acordo marco para o subministro de enerxía en alta e baixa tensión da central de contratación da FEMP, formalizado coa entidade mercantil IBERDROLA CLIENTES S.A.U., polo período comprendido dende o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024, finalizando así o contrato sen posibilidade de mais prórrogas.

3º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato de data 31.01.2024, asinado pola Enxeñeira Industrial e pola Técnica de Xestión e Xefa do Servizo Administrativo de Control



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Orzamentario(Resolución da Concellería de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 19.01.24).

- B) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 31.01.2024.
- C) Memoria económica asinada pola Enxeñeira Industrial e polo xefe da Área de Investimentos e polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 12.02.2024.
- D) Certificados de existencia de crédito asinados polo Director Superior Contable en data 16.02.2024.
- E) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial en data 04.04.2024.
- F) Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares de 04.04.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 04.04.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 05.04.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 05.04.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22/06/2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP, e incorpora o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.b establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); así como o seu

carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 da LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **"SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO"**.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial en data 04.04.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 05.04.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **VINTE E UN MILLÓNS OITOCENTOS OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (21.889.831,53 €) IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de TRES MILLÓNS SETECENTOS NOVENTA E NOVE MIL SESENTA E UN EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (3.799.061,67 €).**

De acordo co carácter plurianual do contrato, para a súa financiación serán de aplicación os seguintes créditos e aplicacións orzamentarias:

			Novembro/Dembro 2024	2025	2026	Xaneiro/Octubro 2027
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	19.353,19 €	116.119,15 €	116.119,15 €	96.765,96 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	782.045,55 €	4.692.273,33 €	4.692.273,33 €	3.910.227,77 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	11.038,91 €	66.233,47 €	66.233,47 €	55.194,56 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	101.668,94 €	610.013,64 €	610.013,64 €	508.344,70 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	111.041,87 €	666.251,21 €	666.251,21 €	555.209,34 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	190.953,29 €	1.145.719,71 €	1.145.719,71 €	954.766,43 €
			1.216.101,75 €	7.296.610,51 €	7.296.610,51 €	6.080.508,76 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(314).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E RESPONSABLE DOS CONTRATOS RELACIONADOS COA ORGANIZACIÓN DOS EVENTOS DO SERVIZO DE FESTAS. Expte. 10069/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 24/04/2024 e o informe de fiscalización do 25/04/2024, sométese a aprobación do informe-proposta de data 23/04/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 15 de abril de 2024, a concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do servizo de Festas.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), con especial fincapé na necesidade da publicidade derivada do patrocinio, xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 10 de abril de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 23 de abril de 2024.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 23 de abril de 2024.
- Memoria económica, de data 22 de abril de 2024.
- Certificados de retención de crédito de data 19 de abril de 2024 .
- Memoria xustificativa, de data 23 de abril de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 23 de abril de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrência.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 23 de abril de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 23 de abril de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 41.336,88 € €, sendo o valor estimado do contrato de 179.192,17 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” e as seguintes anualidades:

➤ ano 2024: 77.056,88 €

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(315).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AMBULANCIAS PARA SOPORTE DOS EVENTOS ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DENTRO DA SÚA PROGRAMACIÓN ANUAL. Expte. 10115/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 23/04/2024 e o informe de fiscalización do 24/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/04/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 15 de marzo de 2024, a concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais para eventos do programa “Vigo en Festas”.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), con especial fincapé na necesidade da publicidade derivada do patrocinio, xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 15 de marzo de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 22 de abril de 2024.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 22 de abril de 2024.
- Memoria económica de data 11 de abril de 2024.
- Certificado de retención de crédito de data 11 de abril de 2024 (operación nº 12024000072449 -RC- e 12024000072455 -RCFUT-)
- Memoria xustificativa de data 22 de abril de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 22 de abril de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrencia.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo sanitario de ambulancias asistenciais para eventos do programa “Vigo en Festas”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 22 de abril de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 22 de abril de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 92.899,54 €, sendo o valor estimado do contrato de 240.914,60 €, por estar exento de IVE con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(316).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA 2024 PARA A RENOVACIÓN DA DISTINCIÓN CIDADE DA CIENCIA E A INNOVACIÓN. Expte. 10377/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 25/04/2024 e o informe xurídico do 23/04/2024, dáse conta do informe-proposta do técnico responsable de Modernización e Innovación, o xefe de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Con data 19 de decembro de 2018, o BOE, publica a Resolución de 13 de decembro de 2018, da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, pola que se aproba a convocatoria para a concesión da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación correspondente ao ano 2018.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

PROPOSTA PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DA SECRETARIA DE ESTADO DE UNIVERSIDADES, INVESTIGACIÓN DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN PARA A CONCESIÓN DA DISTINCIÓN "CIDADE DA CIENCIA E A INNOVACIÓN" CORRESPONDENTE AO ANO 2018. EXPTE. 8740/113."

Nesta proposta aprobada en Xunta de Goberno establecíanse, entre outras, as seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria para a concesión da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación correspondente ao ano 2018, convocada pola Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, de acordo coa Resolución de 13 de decembro de 2018 publicada no BOE de data 19 de decembro de 2018.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

Segundo: Aprobar a solicitude de incorporación do Concello de Vigo na Asociación da Rede Impulso (ARINN) en caso de obter a distinción de cidade da ciencia e a innovación.

Con data 12 de Abril de 2019 a Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación resolve conceder a distinción de Cidade da Ciencia e a Innovación a Cidade de Vigo, implicando dita concesión o pase a formar parte automaticamente da rede de da Ciencia e a Innovación e a Rede Innpulso. O día 19 de setembro de 2019 o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades fixo entrega nun acto da distinción a Vigo de “Ciudad de la Ciencia e Innovación”.

Habéndose cumprido xa, para algunhas cidades, catro anos desde a concesión da distinción ou desde a última renovación desta, procede convocar a renovación e establecer os criterios que se aplicarán para a mesma.

O Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades publicou o 27 de marzo de 2024, a convocatoria para a renovación da distinción “Cidade da Ciencia e a Innovación”. O prazo de presentación das solicitudes comeza o 16 de abril de 2024 ás 08:00 horas (hora peninsular), e finalizará o 26 de abril de 2024 ás 14:00 horas (hora peninsular).

As cidades candidatas deberán presentar unha memoria descritiva da candidatura, elaborada conforme ás directrices establecidas na convocatoria. Exporanse as actividades que avalen ou mostren a política de apoio á innovación realizada desde a concesión ou renovación da distinción até a actualidade, a análise do cumprimento e vixencia se procede dos programas que deron lugar á concesión ou renovación da distinción, nos termos previstos na convocatoria de renovación.

As cidades que terán que presentar a candidatura da primeira renovación son: Ames, Barcelona, Benidorm, Castelló da Plana, Éibar, Onda, Paterna e Vigo.

II.- PROPOSTA DE RENOVACIÓN:

O Concello de Vigo está a traballar na presentación da renovación á convocatoria regulada na Resolución de 27 de marzo de 2024, da Secretaría de Estado de Ciencia, Innovación e Universidades, pola que se aproba a convocatoria para a renovación da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación correspondente ao ano 2024.

En liña con esta convocatoria o Concello de Vigo non é alleo ao ecosistema de innovación na área de Vigo senón que é un actor fundamental, tanto na promoción da innovación, como en crear o clima adecuado na cidade e a súa contorna que sirva de tractor para atraer e favorecer a innovación na cidade.

O Concello de Vigo fixo unha aposta decida pola innovación e modernización da cidade tanto para mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns como para ofrecer uns servizos e infraestruturas eficientes, sustentables e con visión de futuro.

Este papel de liderado artículase cunha visión global e holística da cidade centrada nos eixos definidos o o seu plan Smart City. Esta estratexia innovadora foi recoñecida en numerosos foros nacionais e internacionais o que lle deu ao Concello de Vigo a oportunidade de compartir a súa experiencia e mellores prácticas.

Ademais o Concello vén desenvolvendo con diferentes empresas e entidades que participan da xestión municipal, diversos contratos e/ou convenio nos cales se establecen diversas actuacións para impulsar e apoiar iniciativas que impulsen a innovación na cidade.

a.- Contido xeral da proposta de memoria da candidatura de Vigo:

Segundo as bases, a memoria descritiva da candidatura, que deberá estar redactada, polo menos, en castelán. A memoria comprenderá, nesta orde, os seguintes apartados e contidos (a extensión conxunta dos puntos 2, 3 e 4 non superará as 50 páxinas en formato lexible):

1. Introducción.

Na mesma incluírase unha breve descrición do sistema local de innovación e promoción empresarial, identificándose os diversos axentes que a compoñen e describíndose os medios financeiros, técnicos e humanos á súa disposición. Identificarase dentro da estrutura organizativa do concello, o rango outorgado aos órganos dos que depende a innovación.

2. Cumprimento candidatura anterior e obrigacións con Rede Innpulso.

Presentarase un apartado da memoria que analice o cumprimento dos programas polos que foi concedida ou renovada a distinción en 2018. Pódense incluír tamén outros proxectos de innovación realizados desde a concesión da distinción ou da renovación até a actualidade. Realizarase na medida do posible unha análise do impacto dos proxectos: a continuidade e sustentabilidade das actuacións realizadas, a repercusión dos proxectos na creación de emprego, no financiamento privado inducida e na creación de empresas innovadoras, así como o número de cidadáns beneficiados polos proxectos e os índices, si existen de resultados dos mesmos.

Igualmente será tida en conta a participación dos representantes do concello nos actos da Rede, consello reitor, pleno, grupos de traballo e outras reunións e actividades organizadas pola Rede, desde o 2018 até o 2024, así como o cumprimento das obrigacións coa asociación Rede Innpulso, respecto ao pago das cotas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

3. Proxectos vixentes e plans e proxectos expostos para o trienio 2024-2027.

Como proxectos de innovación considéranse os establecidos no artigo 7 da Orde CIN/2502/2010, de 17 de setembro, tendo en conta a modificación de devandito artigo establecida na Orde CIN/1158/2023, de 9 de outubro, (B.O.E. do 25 de outubro de 2023)

Os proxectos deberán ser presentados, organizados en tres apartados de acordo coa súa pertenza a cada un dos tres bloques; cidadanía, empresarial e organización interna e, que se consideran necesarios para que unha cidade sexa innovadora, segundo o indicado no punto cuarto desta orde, indicando en cada un o seu obxectivo, orzamento, calendario e descrición dos seus principais características.

4. Actuacións de fomento da Compra Pública de Innovación.

Os procedementos de compra pública de innovación realizados ou en marcha, promovidos polo concello para a solución dos proxectos comprendidos en calquera das categorías anteriores. Recolleranse na memoria as actuacións de difusión e formación en CPI. Contratos realizados ou en proceso. Proxectos e iniciativas de compra pública de innovación previstos para os próximos anos (2024-2027).

5. Apoios institucionais e empresariais recibidos pola candidatura.

Premios con que foi distinguida a cidade. Premios ou galardóns. Achegaranse premios, mencións, ou distincións obtidas, así como calquera outra documentación que resulte relevante para a avaliación dos méritos da candidatura. Mencionaranse os apoios que teña a candidatura por parte doutras organizacións, entidades públicas, organismos, empresas, etc., a través de cartas, recoñecemento de méritos, descrición de valores contrastados ou outros.

6. Esforzo realizado en materia de innovación pola candidatura.

Xustificación do cociente para 2023 (Capítulo 6 destinado a innovación/Capítulo 6 total).

7. Táboa resumen de proxectos, por bloques: cidadanía, apoio empresarial e organización interna, con indicación do orzamento de cada proxecto e dos prazos de execución.

De acordo coa estrutura da Memoria a desenvolver polo Concello de Vigo para a presentación da candidatura responderá ó seguinte índice básico, xunto coa proposta inicial de proxectos a presentar:

DATOS DA CIDADE CANDIDATA

MEMORIA

SISTEMA LOCAL DE INNOVACIÓN E PROMOCIÓN EMPRESARIAL

ESTRUTURA DO ECOSISTEMA DE INNOVACIÓN NA ÁREA DE VIGO

CUMPRIMENTO CANDIDATURA ANTERIOR E OBRIGACIÓNS CON REDE INNPULSO.

PROXECTOS VIXENTES E PLANS E PROXECTOS EXPOSTOS NO TRIENIO 2024-2027

PROXECTOS: BLOQUE CIDADANÍA

- Reforzo conectores ecolóxicos e corredores verdes e fluviais transversais (Regos dá Barxa, Presa, Avenida Europa, Alcabre, Oia, Camiño de Fontes, Camiño de Pertegueiras entre outros)
- Renaturalización e adaptación ao cambio climático da fachada litoral de Vigo (Samil e Bouzas)
- Renaturalización e recuperación das funcións ecosistémicas e medioambientais do Río Lagares como infraestrutura verde de Vigo
- Proxectos piloto de adaptación ao cambio climático no espazo público (permeabilización de pavimentos e refuxios climáticos contra o efecto illa de calor) no ensanche de Vigo
- Mellora da calidade e accesibilidade das contornas urbanas e rurais próximos ao patrimonio natural e cultural que mellore o seu atractivo e achegue á cidadanía a estes espazos
- Rehabilitación integral do edificio administrativo do Concello de Vigo
- Zonas de Baixas Emisións a outros barrios da cidade con problemas de contaminación acústica e ambiental
- Plan de Fomento da mobilidade eléctrica
- Plataforma tecnolóxica de servizos sociais (EDUSI ver) + Servizo Tecnolóxico de Teleasistencia Domiciliaria
- PERTE DA AUGA - Dixitalización do ciclo da auga
- Paneis dixitais en carrís bici
- Proxecto de Xemelgo Dixital 3D da cidade
- App móbil global cidade "Vigo" - Sistema operativo Cidade-Cidadanía (FASE 2)
- Proxecto de divulgación do patrimonio e a historia de Vigo a través das novas tecnoloxías
- Planificador cálculo rutas multimodal
- Proxecto de uso de IA (Intelixencia Artificial) na web e app Vigo

PROXECTOS: BLOQUE ORGANIZACIÓN

- Sistemas de sensores nas ramplas de Gran Vía e Halo
- Renovación flota de autobuses para maior eficiencia enerxética
- Impulso de Vigo como centro de innovación e de servizos especializados a escala metropolitana e urbana (loxística, Cidade do Mar, innovación naval, innovación automobilística, industria alimentaria, etc.)
- Proxecto europeo IN2CCAM
- App Drive de tráfico
- Servizo Tecnolóxico de Teleasistencia Domiciliaria
- Tarxeta cidadá dixital e servizos asociados
- Proxectos de modernización administrativa - Proxectos NextGeneration
- Plataforma smart city "Vigo Cidade Intelixente VCI+" (FASE 2)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

- Proxecto de Open Data Cidade (FASE 2)
- Proxecto de innovación: Panel de Control Cidade (PCC+) (FASE 2)
- Proxecto de videoasistencia a persoas xordas

PROXECTOS: BLOQUE EMPRESA

- Recuperación de espazos e edificios singulares do patrimonio industrial para novos usos relacionados coa diversificación e dinamización da economía
- Impulso da innovación e o desenvolvemento de casos de uso baseados en VEI (edificios intelixentes)
- Reforzo dos programas para a promoción do emprego e emprendemento existentes + Mellora da capacidade e competencias dixitais da cidadanía (formacións, reinserción..)

ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA COMPRA PÚBLICA DE INNOVACIÓN (CPI)

APOIOS, PREMIOS E DISTINCIÓNS

PREMIOS E DISTINCIÓNS

OUTROS RECOÑECIMENTOS

APOIOS Á CANDIDATURA

ESFORZO ECONÓMICO ORZAMENTARIO

TÁBOA RESUMEN DE PROXECTOS

Polo exposto a Memoria a presentar responderá aos requisitos da convocatoria e a mesma deberá ser presentada mediante a cumplimentación do formulario electrónico dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

b.- Rede INNPULSO

A distinción da Cidade da Ciencia e Innovación implica a participación do Concello de Vigo na Asociación da Rede Impulso (ARINN) como así foi aprobado no Xunta de Goberno Local do 19 de febreiro de 2019.

No pleno do 13 de febreiro de 2024 da Red de cidades Ciencia e Innovación (Rede Innpulso) establécense as cotas de participación no punto 5 da orde do día:

D^a Adela Artero presenta o escenario de cotas, cales manteñen a súa contía desde o ano 2019, e lembra que a achega das mesmas é de obrigatorio cumprimento para todos os membros da rede.

- 500 € para as cidades pequenas, até 19.999 habitantes
- 1.500 € para as cidades medianas, entre 20.000 e 99.999 habitantes
- 3.000 € para as cidades grandes, de máis de 100.000 habitantes

Esto implica que O Concello de Vigo debe facer un pagamento de 3.000 euros de forma anual pola súa adhesión á Rede Innpulso.

Polo tanto, a execución do presente acordo implica unicamente esta obriga anual orzamentaria para o Concello de Vigo do pagamento das cotas de participación á Rede INNPULSO.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA :

Primeiro: Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria para a renovación da distinción Cidade da Ciencia e a Innovación correspondente ao ano 2024, convocada pola ORDE, DO 25 DE MARZO DE 2024, DA MINISTRA DE CIENCIA, INNOVACIÓN E UNIVERSIDADES POLA QUE SE CONVOCA A PRIMEIRA RENOVACIÓN DA DISTINCIÓN "CIDADE DA CIENCIA E A INNOVACIÓN" POR PARTE DAQUELAS CIDADES QUE A RECIBIRON NO MARCO DA CONVOCATORIA DE 2018, ASÍ COMO A TERCEIRA RENOVACIÓN DA DISTINCIÓN "CIDADE DA CIENCIA E A INNOVACIÓN" POR PARTE DAQUELAS CIDADES QUE A RECIBIRON NO MARCO DA CONVOCATORIA DE 2010

Segundo: Aprobar a renovación do Concello de Vigo como membro da Asociación da Rede Impulso (ARINN) en caso de obter a distinción de cidade da ciencia e a innovación. E autorizar o gasto para o exercicio 2024, e dotar nos exercicios seguintes, o importe necesario na partida orzamentaria 9207.2269900 para o pagamento das cotas da asociación.

Terceiro: Nomear á A Concelleira-delegada da área de goberno de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL, Patricia Rodríguez Calviño como responsable do Concello de Vigo os efectos da coordinación dos traballos entre os distintos servizos municipais para a redacción e contidos final da memoria a presentar de acordo coas características do proxecto definidas na parte expositiva da proposta, así como da presentación de Memoria en nome do Concello de Vigo e a cumplimentación do formulario electrónico dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, e posterior firma do mesmo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

24(317).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS DO SERVIZO DE FESTAS. Expte. 10062/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 25/04/2024, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Área de contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 15 de marzo de 2024, a concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo servizo de Festas.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), con especial fincapé na necesidade da publicidade derivada do patrocinio, xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 15 de marzo de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 3 de abril de 2024.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 8 de abril de 2024.
- Memoria económica, de data 23 de abril de 2024.
- Certificados de retención de crédito de data 23 de abril de 2024.
- Memoria xustificativa, de data 23 de abril de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 24 de abril de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrencia.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de redacción de plans de emerxencia e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo servizo de Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 3 de abril de 2024 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 24 de abril de 2024 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 55.457,34 €, sendo o valor estimado do contrato de 238.514,22 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “Estudios e Traballos Técnicos” e as seguintes anualidades:

- *ano 2024: 38.820,14 € (70% de 55.457,34 €)*
- *ano 2025: 16.637,20 € (30% de 55.457,34 €)*

A distribución por anualidades (con IVE) desagregada para cada LOTE é a seguinte:

ANO	LOTE 1	LOTE 2
2024	23.961,48 € (70% de 34.230,69 €)	14.858,65 € (70% de 21.226,65 €)
2025	10.269,21 € (30% de 34.230,69 €)	6.368,00 € (30% de 21.226,65 €)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(318).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 9847/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 25/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica medio de actividades Culturais e Educativas e conformado pola concelleira-delegada de Xuventude, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data 27 de decembro do 2023, iniciase o expediente 9847-336 para a o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil fora do horario escolar, que permita a conciliación da vida familiar e laboral dirixido a nenos/as de 4 a 12 anos de idade, cuxa finalidade é o fomento da participación infantil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral mediante a realización de diferentes obradoiros e actividades. Este programa se materializa a través de **2 espazos de dinamización infantil** situados en diferentes espazos da cidade. Funcionan como servizos de carácter permanente e á demanda da cidadanía. O fin primordial é ofrecer un espazo que facilite a conciliación familiar e laboral a través de espazos nos que un equipo de monitores/as especializados/as deseñan mensualmente un programa lúdico dirixido á rapazada a que vai dirixida.

Segundo. Con data 11 de abril de 2024 incorpóranse ao citado expediente o prego de condicións técnicas, así como a memoria económica e a memoria xustificativa.

Terceiro. Con data 11 de abril de 2024 incorpóranse ao expediente o informe favorable do servizo de contratación e con data 22 de abril de 2024, o prego de cláusulas administrativas.

Cuarto. Consta no expediente con data 23 de febreiro de 2024, a Retención de Crédito 202400042239: "P/CONTRATO PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. PERÍODO XUÑO - DEC 2024 (AGOSTO NON)//pola cantidade de # oitenta e sete mil cincocentos trinta euros con corenta e cinco céntimos #".

E Retención de Crédito 202400042240: "P/CONTRATO PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. ANO 2025 (11 MESES) : 160.472,48€ E PERÍODO XAN - MAIO 2026 (5 MESES) : 72.942,04€/".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro. O orzamento máximo de licitación é de **320.944,97€** (trescentos vinte mil novecentos corenta e catro con noventa e sete euros)) ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 10% de IVE **29.176,8€** (vinte nove mil centro setenta e seis con oito euros). **Prezo sen iva/ Valor estimado: 291.768,17€.**

Segundo. O desglose do presuposto base de licitación, elaborado de conformidade co disposto nos artigos 100 e 309 da LCSP, e o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

A/ Custos directos estimados:	131.143,55€ x 2: 262.287,1€
Custos salariais	118.223,55€ x 2: 236.447,1€
Material necesario para o desenvolvemento das actividades: obradoiros, excursións, etc..	12.920€ x 2: 25.840€
B/ Custos Indirectos estimados:	14.740,53€ x 2: 29.481,06€
Gastos xerais (3%)	4.249,05€ x 2: 8.498,10€
Beneficio industrial (8%)	10.491,48€ x 2: 20.982,96€
Subtotal A+B	145.884,08€ x2: 291.768,16€
IVE (10%)	14.588,40€ x2: 29.176,81€
TOTAL	320.944,97€

Terceiro. Anualidades:

- A data de inicio estimada do contrato é a do 1 de xuño de 2024 e o prazo do contrato é de 2 anos con posibilidade de unha prórroga por un ano máis, polo tanto e tendo en conta o orzamento base de licitación as anualidades resultantes son as seguintes:

Ano	Valor Estimado	Ive	Con Ive
2024 (6 meses)	79.573.14 €	7.957,31€	87.530,45€
2025 (11 meses)	145.884.08 €	14.588.40 €	160.472.48 €
2026 (5 meses)	66.310.94 €	6.631.09 €	72.942.04 €
Totais	291.768,16 €	29.176,81 €	320.944,97 €

Cuarto. Valor estimado do contrato.

- O cálculo do valor estimado deste contrato determinouse descontando o ive o orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custos laborais, máis a posible prórroga de 1 ano, sen incluír modificacións por non estar previstas neste contrato.

- De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a **437.652,24€**

Quinto. O gasto derivado deste contrato poderá aplicarse á aplicación orzamentaria **3370 2279900** "LUDOTECA CASA DA XUVENTUDE E COIA".

Sexto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sétimo.- A técnica de Xuventude que subscribe o informe , en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo , declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos

termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

PROPOSTA.-

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- “Autorizar a tramitación do expediente de CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL, 9847-336.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de **320.944,97 €** de trescentos vinte mil novecentos corenta e catro con noventa e sete euros, IVE incluído, sendo o importe correspondente ao 10% de IVE **29.176,80€** (vinte nove mil cento setenta e seis con oito euros) e, dos cales 87.530,45€ corresponden ao período de 2024 (agosto non) , 160.472.48€ ao período correspondente a 2025 e 72.942.04€ ao período do 2026 que corresponda, con cargo á partida orzamentaria **3370 2279900** “LUDOTECA CASA DA XUVENTUDE E COIA.

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 22 de abril de 2024 para a contratación da prestación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 11 de abril de 2024.

CUARTO.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(319).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1668/1102

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez